



PARLAMENTO DE GALICIA

III lexislatura

Presidencia do Excmo. Sr. D. Victorino Núñez Rodríguez

Sesión plenaria núm. 58

Celebrada o xoves, 21 de febreiro de 1991

ORDE DO DÍA

Punto único: Debate de política xeral coa comparecencia do Excmo. Sr. presidente da Xunta de Galicia para expoñe-lo proceso evolutivo da Autonomía, a actual situación da Comunidade Autónoma de Galicia e a súa articulación e desenvolvemento futuro (final).

SUMARIO

<i>Ábrese a sesión ás once da mañá.</i>	<i>Sometida a votación a proposta numero 105, foi aprobada por unanimidade.</i>
<i>Continuase coa orde do día.</i>	<i>Sometida a votación a proposta numero 106, foi rexeitada por 35 votos a favor e 37 votos en contra.</i>
Debate de política xeral coa comparecencia do Excmo. Sr. presidente da Xunta de Galicia para expoñe-lo proceso evolutivo da Autonomía, a actual situación da Comunidade Autónoma de Galicia e a súa articulación e desenvolvemento futuro páx. 3.958	<i>Sometida a votación a proposta numero 107, foi rexeitada por 35 votos a favor e 37 votos en contra.</i>
<i>O señor presidente abre unha rolda de grupos parlamentarios para que fixen a súa posición definitiva. Nesta rolda fan uso da palabra os señores Oujo Bello (G. P. Mixto - CG), Nogueira Román (G. P. Mixto - PSG-EG), Álvarez Domínguez (G. P. do Bloque Nacionalista Galego), Rodríguez Pardo (G.P. dos Socialistas de Galicia) e Vázquez Portomeñe (G. P. Popular).</i>	<i>Sometida a votación a proposta numero 108, foi rexeitada por 35 votos a favor e 37 votos en contra.</i>
<i>Suspéndese a sesión.</i>	<i>Sometida a votación a proposta numero 109, foi aprobada por unanimidade.</i>
<i>Reanúdase a sesión.</i>	<i>Sometida a votación a proposta numero 110, foi aprobada por unanimidade.</i>
Votación das propostas de resolución..... páx. 3.970	<i>Sometida a votación a proposta numero 111, foi aprobada por 45 votos a favor e 27 abstencións.</i>
<i>O señor presidente solicítalles ós señores portavoces dos distintos grupos parlamentarios que comuniquen as transaccións ás que se chegou. O señor Vázquez Portomeñe manifesta que se chegou a transaccións puntuais e que as vai enunciar cada un dos grupos parlamentarios cos que se transaccionou.</i>	<i>Sometida a votación a proposta numero 112, foi aprobada por unanimidade.</i>
Propostas de resolución do G.P. Mixto (CG)..... páx. 3.971	<i>Sometida a votación a proposta de resolución número 113, foi rexeitada por 8 votos a favor, 37 en contra e 27 abstencións.</i>
<i>O señor Oujo Bello, do G. P. Mixto (CG), dá conta das propostas aceptadas tal como estaban presentadas e das propostas transaccionadas. O señor Álvarez Domínguez roga que se dea lectura ás propostas transaccionadas que son as números 115 e 117. O señor secretario (Iribarren Fernández Rogina) dá lectura ó texto destas propostas transaccionadas.</i>	<i>Sometida a votación a proposta numero 114, foi rexeitada por 35 votos a favor e 37 votos en contra.</i>
<i>Sometida a votación a emenda numero 103 presentada polo G. P. Mixto (CG), foi rexeitada por 35 votos a favor e 37 votos en contra.</i>	<i>Sometida a votación a proposta numero 115, foi aprobada por 45 votos a favor e 27 abstencións.</i>
<i>Sometida a votación a proposta numero 104, foi rexeitada por 35 votos a favor e 37 votos en contra.</i>	<i>Sometida a votación a proposta numero 116, foi aprobada por unanimidade.</i>
	<i>Sometida a votación a proposta numero 117, foi aprobada por unanimidade.</i>
	<i>Sometida a votación a proposta numero 118, foi rexeitada por 35 votos a favor e 37 votos en contra.</i>
	<i>Sometida a votación a proposta numero 119, foi aprobada por unanimidade.</i>
	<i>Sometida a votación a proposta numero 120, foi rexeitada por 35 votos a favor e 37 votos en contra.</i>
	<i>Sometida a votación a proposta numero 121, foi aprobada por unanimidade.</i>
	<i>Sometida a votación a proposta numero 122, foi rexeitada por 35 votos a favor e 37 votos en contra.</i>

Sometida a votación a proposta número 123, foi rexeitada por 35 votos a favor e 37 votos en contra.

Propostas de resolución do G.P. Mixto (PSG-EG) páx. 3.976

O señor Nogueira Román, do G.P. Mixto (PSG-EG), manifesta que a resolución número 4 da súa proposta número 124 foi transaccionada coa proposta de resolución número 45 do G.P. dos Socialistas.

Sometida a votación a resolución número 1 da proposta 124, foi rexeitada por 8 votos a favor, 38 votos en contra e 27 abstencións.

Sometida a votación a resolución número 2 da proposta 124, foi rexeitada por 35 votos a favor e 38 votos en contra.

Sometida a votación a resolución número 3 da proposta 124, foi rexeitada por 35 votos a favor e 38 votos en contra.

O señor presidente manifesta que a resolución número 4 da proposta número 124 foi transaccionada e se votará ó final.

Sometida a votación a resolución número 5 da proposta número 124, foi aprobada por 46 votos a favor e 2 7 abstencións.

Sometida a votación a resolución número 6 da proposta 124, foi rexeitada por 8 votos a favor, 38 en contra e 27 abstencións.

Sometida a votación a resolución número 7 da proposta 124, foi aprobada por unanimidade.

Sometida a votación a resolución número 8 da proposta 124, foi aprobada por unanimidade.

Sometida a votación a resolución número 9 da proposta 124, foi rexeitada por 8 votos a favor e 65 votos en contra.

Sometida a votación a resolución número 10 da proposta 124, foi rexeitada por 35 votos a favor e 38 votos en contra.

O señor Portomeñe, para que quede constancia, aclara que respecto á proposta número 8 non asumen o último parágrafo da mesma.

O señor secretario (Iribarren Fernández-Rogina) dá lectura ó texto transaccionado entre a proposta número 4 do G. P. Mixto (PSG-EG) e a número 45 do G.P. dos Socialistas. En consecuencia, quedan retiradas estas propostas e vótase o texto transaccionado.

Sometido a votación o texto transaccionado para a resolución número 4, foi rexeitado por 35 votos a favor e 38 votos en contra.

Propostas de resolución do G.P. do Bloque Nacionalista Galego..... páx. 3.978

O señor Álvarez Domínguez (G. P. do Bloque Nacionalista Galego) dá conta das propostas que desexa que se voten por separado. O señor Rodríguez Pardo (G. P. dos Socialistas de Galicia) pide que cada unha das propostas se vote separadamente polas razóns que expón.

Sometida a votación a proposta de resolución número 84, foi rexeitada por 35 votos a favor e 38 votos en contra.

Sometida a votación a proposta número 85, foi rexeitada por 8 votos a favor e 65 en contra.

Sometida a votación a proposta número 86, foi rexeitada por 6 votos a favor, 38 en contra e 29 abstencións.

Sometida a votación a proposta número 87, foi rexeitada por 8 votos a favor e 65 votos en contra.

Sometida a votación a proposta número 88, foi rexeitada por 8 votos a favor e 65 votos en contra.

Sometida a votación a proposta número 89, foi rexeitada por 8 votos a favor e 65 votos en contra.

Sometida a votación a proposta número 90, foi rexeitada por 8 votos a favor, 38 en contra e 27 abstencións.

Sometida a votación a proposta número 91, foi rexeitada por 35 votos a favor e 38 en contra.

Sometida a votación a proposta número 92, foi rexeitada por 35 votos a favor e 38 en contra.

Sometida a votación a proposta número 93, foi rexeitada por 8 votos a favor, 38 en contra e 27 abstencións.

Sometida a votación a proposta número 94, foi rexeitada por 35 votos a favor e 38 en contra.

Sometida a votación a proposta número 95, foi rexeitada por 35 votos a favor e 38 votos en contra.

Sometida a votación a proposta número 96, foi rexeitada por 33 votos a favor, 38 votos en contra e 2 abstencións.

Sometida a votación a proposta número 97, foi rexeitada por 8 votos a favor e 65 en contra.

Sometida a votación a proposta número 98, foi rexeitada por 35 votos a favor e 38 votos en contra.

Sometida a votación a proposta número 99, foi rexeitada por 35 votos a favor e 38 votos en contra.

Sometida a votación a proposta número 100, foi rexeitada por 35 votos a favor e 38 votos en contra.

Sometida a votación a proposta número 101, foi rexeitada por 35 votos a favor e 38 votos en contra.

O señor presidente manifesta que para a proposta número 102 se pide a votación por puntos.

Sometido a votación o primeiro punto da proposta 102, foi rexeitado por 8 votos a favor e 65 votos en contra.

Sometido a votación o segundo punto da proposta, foi rexeitado por 6 votos a favor, 65 votos en contra e 2 abstencións.

Sometido a votación o punto terceiro da proposta, foi rexeitado por 6 votos a favor, 65 en contra e 2 abstencións.

Sometido a votación o punto cuarto da proposta, foi rexeitado por 6 votos a favor, 38 en contra e 29 abstencións.

Propostas de resolución do G.P. dos Socialistas..... páx. 3.982

O señor presidente solicita do señor Rodríguez Pardo que faga unha proposta de agrupación de resolucións para efectos da votación. Así o fai o señor Rodríguez Pardo. O señor Álvarez Domínguez (G.P. do Bloque Nacionalista Galego) pide votación separada para a proposta número 38. O señor Vázquez Portomeñe (G. P. Popular) propón que se voten conxuntamente aquelas que vai acepta-lo seu grupo. O señor Oujo Bello solicita tamén votación separada para a emenda número 38. O señor presidente, recollendo o sentir dos portavoces, explica o xeito no que se votarán estas propostas.

Sometidas conxuntamente a votación as propostas números 1, 4, 18, 22, 24, 25, 26, 27, 31, 35, 36, 49 e 54, foron aprobadas por unanimidade.

Sometida a votación a proposta número 10, foi rexeitada por 33 votos a favor, 38 en contra e 2 abstencións.

Sometida a votación a proposta número 38, foi rexeitada por 27 votos a favor, 38 en contra e 8 abstencións.

Sometidas conxuntamente a votación as propostas números 2, 3, 5 á 17, 19, 20, 21, 23, 28, 29, 30, 32, 33, 34, 37 á 44, 46, 47, 48, 50, 51, 52, 53, e 55 á 83, foron rexeitadas por 35 votos a favor e 38 votos en contra.

Propostas de resolución do G.P. Popular..... páx. 3.984

Sometida a votación a proposta número 125, foi aprobada por 46 votos a favor e 27 abstencións.

Sometida a votación a proposta número 126, foi aprobada por unanimidade.

Sometida a votación a proposta número 127, foi aprobada por unanimidade.

O señor presidente manifesta que a proposta número 128 consta de 5 puntos. Os señores Rodríguez Pardo, Vázquez Portomeñe e Oujo Bello maniféstanse respecto do xeito de votación desta proposta. O señor Rodríguez Pardo solicita finalmente que se voten por separado os 5 puntos e despois os dous parágrafos finais deste último punto 5.

Sometido a votación o punto 1 da proposta de resolución número 128, foi aprobado por 38 votos a favor, 4 en contra e 31 abstencións.

Sometido a votación o punto 2, foi aprobado por 65 votos a favor, 4 en contra e 4 abstencións.

Sometido a votación o punto 3, foi aprobado por 38 votos a favor, 4 en contra e 31 abstencións.

Sometido a votación o punto 4, foi aprobado por 67 votos a favor, 4 en contra e 2 abstencións.

Sometido a votación o punto 5, foi aprobado por 40 votos a favor, 4 en contra e 29 abstencións.

Sometido a votación o parágrafo penúltimo do punto 5, desde "para tal efecto" ata "principios constitucionais", foi aprobado por 38 votos a favor, 4 en contra e 31 abstencións.

Sometido a votación o último parágrafo deste punto 5, foi aprobado por 69 votos a favor e 4 en contra.

Explicación de voto da señora García Negro (G.P. do Bloque Nacionalista Galego).

Sometido a votación o preámbulo e a alínea a) da proposta de resolución número 129, foi aprobado por 38 votos a favor, 31 en contra e 4 abstencións.

Sometido a votación o primeiro parágrafo da letra b) da proposta número 129, foi aprobado por 40 votos a favor, 31 en contra e 2 abstencións.

*Sometido a votación o segundo parágrafo da letra b),
foi aprobado por 67 votos a favor, 4 en contra e
2 abstencións.*

*Explicación de voto dos señores Rodríguez Pardo
(G.P. dos Socialistas), Oujo Bello (G.P. Mixto),
Nogueira Román (G. P. Mixto), da señora García
Negro (G. P. do Bloque Nacionalista Galego) e do
señor Vázquez Portomeñe (G.P. Popular).*

O señor presidente levanta a sesión.

Levántase a sesión.

Era a unha e cincuenta minutos da tarde.

Abrese a Sesión ás once da mañá.

-DEBATE DE POLITICA XERAL COA COMPARECENCIA DO EXCMO. SR. PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA PARA EXPOÑE--LO PROCESO EVOLUTIVO DA AUTONOMIA, A ACTUAL SITUACION DA COMUNIDADE AUTONOMA DE GALICIA E A SUA ARTICULACION E DESENVOLVEMENTO FUTURO (Continuación).

O señor PRESIDENTE: Antes de conceder unha rolda a cada grupo parlamentario e forza política para matiza--la súa posición, preguntolles ós portavoces se se acadou algunha transacción ou podemos entrar nunha última rolda de posición para que os grupos que o desexen fagan uso dela.

Ten a palabra o señor Oujo Bello.

O señor OUJO BELLO: Señor presidente, señorías, nós fixemos unha análise, desde que onte á tarde se pechou esta sesión ata hoxe á mañá, das cento e pico emendas presentadas polos grupos da oposición, que non son Coalición Galega, incluso do grupo que sustenta ó Goberno. En xeral, nós consideramos que as emendas presentadas pola oposición, tanto polos grupos nacionalistas coma o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, son, de xeito xeral, positivas e intentan incentiva--lo labor do Goberno durante os próximos meses. E evidente que cada forza política presenta as resolucións de acordo coa súa propia ideoloxía e de acordo cos estatutos do seu propio partido. Nós, en xeral, estamos de acordo coas emendas presentadas pola oposición e, sen embargo, queremos matizar algunha delas, sobre todo, para evitar caer en futuras incoherencias.

Vou comezar polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego facendo dous comentarios moi sinxelos a dúas das propostas de

resolución. Unha refírese a ASTANO. Nós estamos totalmente de acordo coa filosofía de manter ASTANO como estaleiro productivo e competitivo na Comunidade Europea. Ya manifestamos, tamén publicamente, a nosa posición dicindo que o INI, o Goberno central, é o responsable de ASTANO e que, evidentemente, antes de que se peche ASTANO, nós estamos a favor de que se fagan xestións con outras empresas para a posible privatización tendo en conta os dereitos dos traballadores.

Polo tanto, aínda que tamén imos apoiar esta emenda de ASTANO, temos que dicir que é unha emenda concisa de contido totalmente conceptual, onde se pide que a Xunta, con fondos propios, manteña ASTANO. Creo que o tema quere deixar constancia de que, estando de acordo con que hai que facer algo con ASTANO, o INI ten que mollarse moito máis do que o fixo. Entendemos que cuantifica--los fondos propios podía se--la última "ratio" para manter--lo tecido productivo.

A emenda 102 fala do Golfo Pérsico. Había uns comentarios referidos ó capitán xeral do Cantábrico que cremos que xa están desfasados, despois de que o propio capitán xeral actuase en Madrid. Polo tanto, nós nese punto, se se votase por separado absteríamonos.

Coas emendas do PSG--EG estamos en xeral de acordo e imos apoialas porque tamén fan referencia ó tema dos estaleiros, pero máis amplamente.

Hai un tema que é a reforma constitucional que presentan varios grupos. Nós estamos de acordo en que debe modificarse nun tempo determinado a Constitución, non soamente o título VIII, senón algún outro punto. Recoñecemos que as competencias en industria que ten a Xunta de Galicia non son suficientes para atende--la demanda social e industrial da nosa nación, e tamén eramos favorables a que se que matizasen competencias exclusivas onde industria non é totalmente ex-

clusiva, senón que os plans de reconversión e de organización sectorial son competencia do Goberno central.

Nese paquete de posibles emendas, amén das que se preconizan tamén do título VIII, imos estar a favor en xeral, pero como unha cousa global e non como unha cousa puntual e, sobre todo, non esquecendo ese tipo de medidas que, non sendo competencia exclusiva da Comunidade Autónoma, si están afectando realmente ó noso país, tales como son as competencias en industria. Non hai competencias exclusivas en industria, senón que son compartidas e afectan gravemente á política industrial da Xunta de Galicia. Estamos, entón, a prol dese grupo de emendas con estas matizacións.

As 80 propostas de resolución do PSOE practicamente asumímolas todas. Non vou facer ningún tipo de matización, e imos aceptalas.

Con respecto ás que presenta o propio Goberno, desde a postura nacionalista, nós imos apoiar aquelas que piden transferencia de competencias, unha que tamén presentamos nós, que é a transferencia do ISM e incluso a que pide a transferencia do Instituto Oceanográfico. Eu teño coñecemento de que existe algunha sentenza recente con respecto ó tema oceanográfico, creo que o Tribunal Constitucional se referiu a iso con certos matices pero, en principio, imos votar afirmativamente a unha que coincide cunha nosa, que é a transferencia do Instituto Social da Mariña na parte sanitaria. Tamén apoiaremos, como filosofía política, a petición de transferencia de competencias do Instituto Oceanográfico con esas matizacións de tipo legal.

Hai algunhas que había que matizar máis. Cando se fala de que se está de acordo con esta política europea de participación rexional, cremos que se emprega aquí a palabra rexional máis ben no concepto europeo, pero daría, quizais, malas

interpretacións dado que, desde a nosa opción dentro da estrutura unitaria do Estado --e digo claramente que nós defendemos a Galicia como unha parte do Estado--, consideramos que non é unha rexión do Estado, senón que é unha nación dentro do Estado español. Sendo favorables a esa filosofía, teríamos que facer matizacións, e por iso imos absternos.

En xeral, señor presidente, lamento que o tempo que temos sexa insuficiente non só os cinco minutos, senón moito máis, e creo que, con este tipo de matizacións de apoio de forma xenérica ás emendas da oposición, con esas pequenas matizacións a ASTANO e á resolución do Golfo Pérsico que nós apoiamos total e absolutamente, a nosa postura está clara. Incluso recordo que nunha Comisión comezamos a falar de facer unha resolución o día anterior de que se rompera o conflito bélico e que, lamentablemente, foi rexeitada polos dous grupos maioritarios que están nesta Cámara; é dicir, apoiamos tódalas emendas da oposición, as dúas específicas do Grupo Popular de transferencias de competencias de tipo sanitario, que coincide cunha nosa do ISM, e tamén a do Instituto Oceanográfico con ese matiz de tipo legal. Habería que profundizar se, neste momento, se pode facer ese tipo de reclamación.

Dou por finalizada a miña intervención agradecendo ó señor presidente a súa xenerosidade por este minuto e medio que me deu de máis.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor deputado.

Ten a palabra o señor Nogueira Román.

O señor NOGUEIRA ROMAN: Señor presidente, señorías.

Enfrontámonos coas propostas de

resolución sen prexuícios con ánimo de presta--los nosos votos ás resolucións que nos parezan que teñen un ton positivo, incluso, ás veces, aínda podendo manifestarnos negativamente, máis ben optamos pola abstención.

Vou comeza--la manifestación da nosa posición polas propostas feitas polo grupo que apoia ó Goberno, polo Grupo Popular, e despois polos grupos da oposición e as nosas mesmas.

As propostas do Grupo Popular teñen un contido distinto. A primeira refírese ás transferencias e imos apoiala, porque nós queremos que se cumpra o Estatuto de autonomía. Moi brevemente teño que dicir que nos parece ben que se pidan os portos pesqueiros, a ordenación pesqueira, etc., pero tamén queremos que se poña de manifesto que, cando se producen transferencias ou se buscan solucións efectivas das competencias, faise moitas veces moi mal; como exemplo témo--lo que sucede coa Policía Autónoma. Resulta que nós financiámo--la Policía Nacional, cando, en Cataluña, reciben financiamento do Estado para os mozos de escuadra; é dicir, que, realmente, a cuestión non merece ningún aplauso. Ou temos competencia como industria --e eu preguntaría: ¿u--la competencia?, é dicir, ¿cal é a competencia en industria que temos neste momento?-- ou incluso ¿por que non se pide a competencia na empresa pública e a participación nos consellos de administración? O mesmo pasa co Instituto Social da Mariña. Esperemos que non pase igual que co INSALUD, é dicir, que sexa unha fonte grave de endebedamento.

A proposta sobre a transferencia dos centros sanitarios dependentes das administracións locais ó Servicio Galego de Saúde é relativamente innecesaria. Poderíamos facer moitos matices, pero imos apoiala.

Pero quero centrarme nas dúas últimas, a cuestión de Europa e a

cuestión do Senado español, porque creo que aquí, realmente, é onde podemos manifestar unha postura do noso partido claramente diferenciada. Que conste que non imos votar en contra, imos simplemente abster-nos, pero imos manifestar que esta postura non é a nosa. O Partido Popular e o señor Fraga levan dez anos rectificando, pero creo que aínda non comprenden a cuestión nacional. As propostas que fai sobre especialización e eficiencia da Comunidade Autónoma como un puro ente administrativo están tinxidas de economicismo e de organicismo, e non comprenden o que serán no futuro as relacións entre os pchos de Europa. Estamos ante un problema de devolución das liberdades nacionais e non simplemente ante un problema administrativo. O problema de Europa habería que encargarllo ó señor García Enterría e non sería o produto da negociación política entre pobos diferenciados.

Eu creo que estes conceptos se sitúan puramente no status que é propio dun opositor teimudo, pero non dun dirixente político que comprenda a realidade nova de Europa. Creo que se fundan, sobre todo, nos criterios rexionalistas propios de Francia, por outra parte, sen moito descubrimento. E eu preguntome, a cuestión nacional británica: Escocia, País de Gales, Inglaterra; a cuestión nacional do Estado español: Cataluña, Euskadi e Galicia, ¿como se pode integrar propiamente --se se quere pensar no futuro-- na proposta que fixo aquí o Partido Popular? Eu preguntome como se poden integra--los problemas de Europa do leste, cando se vai integrando na Comunidade Económica Europea, con esta proposta subsidiaria, ¿como se integra o problema de Iugoslavia ou incluso o de Checoslovaquia?

Señorías, isto é un avance respecto da posición do Partido Popular. Nós non imos obstaculizalo, imos abster-nos, pero o noso punto de vista non ten practicamente nada que ver co exposto polo Partido Popular. Creemos que a cuestión de Eu-

ropa é claramente outra cousa. Isto é situarse nunha postura claramente conservadora.

O mesmo ocorre co problema do Estado español. Nós cremos que as provincias corresponden a un sistema preconstitucional. O sistema constitucional español debería tender a elimina--las provincias, son un ente político administrativo absolutamente innecesario, e nós non queremos, polo tanto, consagra--las provincias no Senado. Cremos que o Senado debe ser --como pasa en Alemaña-- unha entidade política onde estean representadas, unicamente, as comunidades autónomas. Eu poñería en cuestión que fosen 17 comunidades autónomas e, aínda que non é un problema para tratar hoxe, habería que ver se realmente temos que ser debedores das negociacións políticas entre os partidos das que se derivaron as 17 comunidades autónomas, xa que non responden realmente á realidade e introducen, incluso no nivel europeo, un problema engadido, porque inclúen no ámbito da sociedade unha definición de rexións que corresponde ó de entidades administrativas, nacionais, rexionais propiamente ditas, no sentido político, totalmente diversas. Eu estou seguro de que en Europa se formulará tamén este problema e nós estamos defendendo esa postura.

Por outra parte, na cuestión da lingua, aínda onte, vimos como o Partido Popular facía reservas impensables ante as propostas que fixo aquí o presidente --creo que de honra, do Partido Popular--, o señor Fraga, poñendo distintos obstáculos ante a proposta catalana da utilización como lingua oficial do catalán e as outras linguas no Senado. A proba da credibilidade desta cuestión, para nós, é que o galego sexa tamén lingua utilizable no Congreso. O argumento do señor Fraga de que no Congreso estamos para falar na lingua común non ten absolutamente ningún sentido. Non sei que cuestión esencial separa o Senado do Congreso na utilización das linguas dado que, en todo caso, no Parlamento europeo o que existe

neste momento é o Parlamento congresual, que é o equivalente ó Congreso español. En todo caso, o Senado que pide a resolución do Partido Popular sería o novo. Polo tanto, hai aí unha incoherencia que eu creo que, simplemente, é debedora do conservadurismo con que se enfocan os problemas da presenza de Galicia no Estado español.

Antes de presenta--la nosa postura respecto das emendas do PSOE, de Coalición Galega e do BNG --porque se non, ó mellor, non quedaba tempo--, paso a facer unhas referencias a unha resolución presentada polo PSG--Esquerda Galega, concretamente a n.º 10. É unha resolución política que se refire a unha especie de reprobación da actuación do Goberno do señor Fraga durante o ano pasado. Concretamente, dicimos que este Goberno non respondeu, durante o seu primeiro ano de xestión, ás esixencias derivadas das súas responsabilidades políticas nun momento de especial transcendencia para o futuro do desenvolvemento económico, social e cultural de Galicia. Eu dicía antes que era o último ano da década da marxina--ción, os anos 80, e Galicia non participou nas grandes tarefas do desenvolvemento económico, político e incluso autonómico. Dicía que estabamos esperando resignadamente que nos chegaran as autonomías de terceira, que nos atinxiran do Estado español. O señor Fraga onte dedicouse a canea--las propostas da oposición na súa réplica, utilizando o papel especial que, loxicamente, lle outorga o señor presidente ó Regulamento no debate, e ignorou conscientemente as cuestións básicas, tanto as internas de Galicia coma as de interacción da nacionalidade galega no Estado.

Respecto das emendas do PSOE, Coalición Galega e o BNG, votaremos a favor de tódalas de Coalición Galega. O seu contido é perfectamente asumible polo noso partido. Votaremos a favor de tódalas emendas do BNG, aínda que fariamos algunha reserva respecto da 86, cando fala das celulosas, porque eu creo que

hai que diferenciar entre unhas e outras. No caso de PAPEIGA, dixemos moitas veces que, se non contamina, nós estamos a favor; se contamina, estamos en contra. sen embargo, non podo facer un prexuício acerca de iso, sobre todo, ante o problema tan gravísimo da comarca de Ferrol; en cambio, estamos seguros de que contamina Eurogalicia Forestal e manifestámo--la nosa postura en contra.

Gustaríanos votar a favor pero se se fixese esta distinción.

Respecto das confrarías, pois non estamos moi seguros de que o sistema asociativo mariñeiro sexa efectivamente o das confrarías e mostrariámo--la nosa reserva, pero só o fariamos se se votan por separado. Se se votan conxuntamente, primaría a postura positiva que temos a favor da práctica totalidade das emendas presentadas polo BNG.

Respecto das do PSOE, tamén votaremos a favor. Propuxémoslle facer unha emenda transaccional sobre o financiamento coa proposta feita polo PSOE.

E en canto ás titulacións universitarias consideramos que é o Consello Universitario o que debe traballar nas cuestións das titulacións, e non sei se é o momento apropiado para que o Parlamento faga propostas sobre as titulacións e a súa distribución. Mantémo--la nosa reserva sobre esa cuestión e, se se votan por separado, absteriámonos nesta resolución e a favor de tódalas demais.

Moitísimas gracias.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Nogueira Román.

Ten a palabra o señor Alvarez polo Grupo Parlamentario do BNG.

O señor ALVAREZ DOMINGUEZ: Señor presidente, señorías.

Ben, ante o cúmulo de emendas presentado, sobre todo, polo PSOE --que me parece que son máis de 80--, resulta moi difícil tomar postura respecto de cada unha delas en particular. E en todo caso, isto o que vén demostrar é a precariedade da situación política deste país, que esixe tanto número de resolucións parlamentarias, quizais, porque se observan moitas lagoas na acción do Executivo, situación esta que levou ós grupos parlamentarios a presentar unha serie de resolucións concretas.

En canto ás emendas presentadas polo PSG--Esquerda Galega, o Bloque Nacionalista Galego está disposto a votar favorablemente cada unha delas, aínda que nós estaríamos dispostos a transacciona--la súa resolución n.º 2 dado que temos unha resolución do mesmo tema, e, non sendo contradictorias, podíanse complementar perfectamente. Pero, desde logo, coido que, como dixeran antes, sendo complementarias non hai ningún inconveniente para que o Bloque Nacionalista Galego así o faga.

Tamén, neste sentido, a súa resolución n.º 7 fai referencia ó desenvolvemento da produción láctea, que podía ser complementada tanto por resolucións ou propostas do Bloque Nacionalista Galego coma por outras presentadas por Coalición Galega e incluso polo PSOE.

Respecto das resolucións presentadas por Coalición Galega, en primeiro lugar, o Bloque Nacionalista Galego ten que agradecer--las manifestacións feitas por don Santos Oujo, concretando o seu apoio á resolución do BNG sobre a crise do Golfo. Esa resolución foi presentada única e exclusivamente polo noso grupo parlamentario e, neste sentido, coido que é de agradecer por parte do Bloque Nacionalista Galego o seu apoio concreto.

As súas emendas, na totalidade, son asumibles polo noso grupo parlamentario e, nese sentido, votarémoslas favorablemente tanto se se

someten a votación no seu conxunto coma se se vota cada unha delas en particular.

A n° 110 sería facilmente transaccionable con outras que ten o Bloque Nacionalista Galego, que ten o PSG--Esquerda Galega e o Partido Socialista. Igual que a resolución n° 113, que se refire a conseguir que o galego sexa considerado como lingua oficial no Congreso dos Deputados. Iso podía complementa--las demandas que fai o noso grupo sobre a normalización lingüística en tódolos eidos da vida política e da vida administrativa do noso país.

Ben, paso xa ás do Grupo Parlamentario Popular. Nós non temos inconveniente ningún en apoia--la resolución n° 125, que é a primeira deste grupo. Tampouco temos inconveniente en aproba--la número 126, aínda que a consideramos reiterativa con relación a unha resolución ou a unha proposición non de lei aprobada por este Parlamento no anterior período de sesións, que é aquela que demanda a transferencia do Instituto Social da Mariña á Comunidade Autónoma galega. Ben, non hai inconveniente ningún en sometela a votación outra vez neste Parlamento, pero me parece que daquela foi aprobada por unanimidade da Cámara.

Sinto que non estea neste momento aquí o señor conselleiro da Presidencia, pero creo que o señor Orza estaba na reunión da Comisión mixta para a transferencia do INSA--LUD a Galicia. Ante a pregunta deste deputado ó señor ministro de Administracións Territoriais sobre esta cuestión, el di que, debido a que o Instituto Social da Mariña ten unha serie de competencias complexas, unhas serían transferibles constitucionalmente á Comunidade Autónoma galega, pero outras non, e que, mentres non se faga este deslinde, sería moi difícil esa transferencia. De tódolos xeitos, o Bloque Nacionalista Galego está disposto a apoiar esta emenda, aínda que a consideremos reiterativa con relación a unha proposición non de

lei aprobada con anterioridade.

A 127, non hai inconveniente ningún en aprobala.

Por suposto que nós non podemos aproba--la resolución n° 128, que fai referencia á integración dentro da Comunidade Económica Europea. Saben vostedes, señorías do Grupo Popular, que o BNG ten presentada unha resolución na que demanda a renegociación do tratado de adhesión á Comunidade Económica Europea, con participacións das institucións públicas galegas naquelas cuestións que nos afectan directamente. O criterio do BNG e do Grupo Popular é totalmente dispar a este respecto en canto que, aquí, non se cuestionan de ningunha maneira os termos en que está redactado o tratado de adhesión a esta Comunidade, que afecta negativamente á nosa pesca, ó sector leiteiro, ó sector gandeiro e que está redactado, ademais, nunha terminoloxía que resulta totalmente inasumible ó grupo parlamentario que represento. Non estamos dispostos a apoiar esa emenda.

E por fin, polo que fai referencia ó Senado, demanda a súa reconversión nunha Cámara de representación autonómica. Nós temos tamén a nosa posición a ese respecto. Consideramos que o Senado debe ser unha Cámara de representación das nacións, tal como o concretamos na nosa resolución, na que cada unha delas teña unha capacidade decisoria sobre aquelas cuestións que a afectan directamente. Neste sentido, tratar de vincular máis á Cámara a esas 17 comunidades autónomas é un criterio que está, desde logo, en conflito e está en contra do que o Bloque pensa a este respecto.

Na proposta de modificación do Senado, na súa parte final, dise: "A par, expresa o Parlamento Galego a súa postura de que nas actuacións do Senado, e conforme ó seu Regulamento, se poida usa--la lingua propia de cada Comunidade, de acordo co correspondente Estatuto". Desde logo ;imos ver se poñemo--las cou-

sas claras! Onte falouse aquí de cursos de galego, de que a Xunta de Galicia estaba facendo moito a este respecto. E eu xa vin, con posterioridade, que o señor Fraga Iribarne estaba facendo un "corsiño" de galego co conselleiro de Industria; polo tanto, ímonos deixar de bromas. Onte aínda aparecían nos xornais estas noticias: "Acuerdo unánime del Senado para estudiar el uso de las distintas lenguas autonómicas. La decisión fue adoptada a iniciativa catalana y tras superar las reticencias socialistas y el rechazo popular".

Polo tanto, o que teñen vostedes que aclarar é se son uns puros demagogos e se o Grupo Popular é o Grupo Popular de Galicia, e entón o mellor é que eliminen o nome e se convertan xa en Centristas de Galicia, con base nos centristas de Ourense, como lles chamaba onte o señor Fraga Iribarne.

Deixémonos de demagoxias, non veñan aquí con eses cursos de galego, non veñan aquí facendo demagoxia, dicindo que reivindicán a utilización do galego tanto nas institucións do Estado coma nas da Comunidade Económica Europea cando se lle ve o plumero a través dos medios de comunicación, como podíamos comprobar onte nesta folla de "La Voz de Galicia".

E, por fin, con relación ás emendas do PSOE, perdón, estoume referindo a emendas porque estamos acostumados nesta Cámara a emendar. Oxalá fose así, oxalá tomasemos un propósito de emenda definitivo para sacar este país do seu subdesenvolvemento, como dicía o señor Fraga Iribarne no seu discurso. Son moitas efectivamente; consideramos algunha delas abstractas, non moi incisivas en aspectos que nós trataríamos en maior profundidade, pero, de todas maneiras, se se van votar no seu conxunto, non temos inconveniente ningún en facelo favorablemente nun sentido positivo. Se se votan por separado, en todo caso, a proposta n.º 38 pode dar lugar a interpretacións que lesionen os inte-

reses de sectores productivos importantes para o noso país, xa que di textualmente: "que se absteña en futuros exercicios presupostarios" --a Xunta de Galicia, enténdese-- "de subvencionar sectores obsoletos e non competitivos do tecido industrial, dirixindo os seus esforzos á dotación de infraestructuras necesarias para a modernización do aparato productivo". Este criterio podía utilizarse, ó mellor, para deixar de apoiar a LARSA; e entón, como pode dar lugar a situacións ambiguas, nós preferimos absternos nesta proposta de resolución. Agora ben, se se votan conxuntamente, nós non temos inconveniente ningún en darlle o noso voto positivo.

Máis nada e moitas gracias, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Alvarez.

Ten a palabra o señor Rodríguez Pardo.

O señor RODRIGUEZ PARDO: Señor presidente, señoras e señores deputados, subo á tribuna aproveitando, quizais, as palabras do deputado señor Alvarez, e a confusión terminolóxica sobre propostas de resolución ou emendas. En realidade, semanticamente correspóndelle máis, quizais, a palabra emenda ca proposta de resolución, porque o que a oposición está a facer neste debate é emendar ó Goberno. Esencialmente, ponse emendas de adición a todo aquilo que o Goberno deixou de facer durante este ano; emendas de adición que poden se-los deberes cos que, de aquí a un ano, volvamos examinar se cumpriron ou non cumpriron e levaron a adiante as realizacións que nós pedíamos.

Neste aspecto, é a diferenza entre a Galicia dos papeis --que onte nos mostrou o señor presidente da Xunta-- e a Galicia real, que é a Galicia á que fan referencia as distintas propostas de resolución que presentan tódolos grupos. Pro-

postas de resolución --e isto xa o quero deixar adiantado para tódolos demais grupos da oposición e incluso para o Grupo Popular-- que nós votaremos favorablemente en todos aqueles casos en que, incluso da propia literalidade das propostas de resolución, se poida deducir cunha certa ambigüidade, unha interpretación positiva de acordo coas nosas teses, aínda que --insisto-- a súa propia literalidade, ó mellor, puidese deducir unha conclusión negativa; pero, sempre que quede esa pequena marxe de dúbida, nós votaremos a favor desas emendas, como é o caso en concreto dunha emenda do PSG--EG referida a limitar --por así dicilo-- exclusivamente a capacidade constructiva de ASTAND á construción de buques. Entendemos, dalgunha maneira, que iso pode ter unha interpretación positiva e, polo tanto, votarémola favorablemente.

Temos grandes dúbidas respecto de varias das propostas de resolución que formula o Grupo Popular. En primeiro termo, voume referir a estas porque, dalgunha maneira, xa está case consagrada a súa aceptación pola Cámara, tendo en conta a maioría que as súas señorías do Grupo Popular teñen. Polo tanto, como son as que, presumiblemente, van ser aprobadas, xa de entrada, xa cun concepto case apriorístico da propia aprobación, voume deter en por que imos votar de diferentes maneiras en cada unha delas.

Imonos abster respecto da emenda 125 do Partido Popular, porque fala dunha transferencia de competencias. Comprenderán as súas señorías que as competencias que ten Galicia están todas recollidas no Estatuto de autonomía de Galicia e non fai falta transferirlle máis competencias. Se vostedes o que queren é transferir determinados servicios e transferir determinados medios, entón nós estamos de acordo en que se poida levar a adiante esta transferencia de medios e servicios, pero non, baixo ningún concepto, polo erro conceptual que contén unha transferencia de compe-

tencias porque as competencias están todas recollidas no Estatuto de autonomía e non penso que, na idea das súas señorías, estivese a reforma do Estatuto de autonomía.

Nós, nas transferencias de servicios, estamos de acordo en que todas aquelas que leven consigo unha maior capacidade de lles prestar servicios ós cidadáns galegos sexan asumidas e transferidas, sempre que isto non comporte un incremento de gasto, senón que leve consigo unha reestructuración organizativa, en virtude da cal se cumpra este servicio.

Polo tanto, con respecto a esta proposición e entendendo que é un erro, ó mellor, puramente de transcripción, o Grupo Parlamentario dos Socialistas vaise abster respecto disto. Pero ímoslle votar a favor --de acordo coa tese que antes expresei-- da emenda número 126, en canto fala de traspaso ou transferencias de funcións medios persoais, materiais e financeiros en materia de servicios sanitarios dependentes do Instituto Social da Mariña. Estamos de acordo, dentro da filosofía que acabo de expresar, en que leva consigo unha transferencia de servicios, e votaremoslla a favor; igual que lle votaremos a favor a proposición número 127, do propio Grupo Parlamentario Popular.

Con respecto á emenda número 128 imos absternos porque, por exemplo, cremos que, ó mellor, algúns dos seus parágrafos poderían ser asumidos, pero o conxunto da proposición arrastra erros nuns casos, noutros nin sequera son erros, senón que son contradicións respecto das argumentacións ou ideas que encerra cada unha delas.

O principio da subsidiariedade, por exemplo, non é un principio que se lles aplique ás comunidades autónomas, non é un principio que se lles aplique ós organismos territoriais, é un principio que se lles aplica, hoxe por hoxe, en Europa ás distintas institucións europeas, non é un principio que se poida

territorializar. Polo tanto, como non é así e, hoxe por hoxe, non existe o principio de subsidiariedade conceptuado doutro xeito en Europa, nós non podemos manexar este principio respecto dunha posible especialización da Comunidade Autónoma.

O principio de participación rexional, cando estean en xogo competencias exclusivas ou de participación rexional conxunta, ou o dereito de apelacións das rexións son temas que hoxe non están no dereito nin no mecanismo, nin sequera, no espírito co que está traballando no seu conxunto a Comunidade Europea e, polo tanto, non o podemos apoiar.

Tampouco podemos apoiar-lo principio de circunscrición rexional nas eleccións ó Parlamento europeo. Este é un tema que se deixa reservado a todos e cada un dos estados, é un tema que xa orixinou, no seu momento, a reforma da Lei orgánica electoral xeral e xa levou consigo a posibilidade, no seu momento, de que se partise do sistema mixto que funcionou nas pasadas eleccións ó Parlamento europeo no ano 1989. Isto levaría consigo, novamente, a petición da reforma que está nestes momentos nas Cortes Xerais. Penso que agora está en trámite de debate no Senado a reforma da Lei orgánica electoral xeral, da cal non se fala para nada e se introduce aquí como un principio europeo, sabendo perfectamente que non existe tal principio na legislación nin no dereito europeo. Se se quere que se constitúa a circunscrición rexional como pura circunscrición rexional, isto debería manterse da reforma da Lei orgánica de réxime electoral xeral e o Grupo Popular podería ter outros camiños para chegar a ela.

Quero referirme moi rapidamente --porque fai referencia a todo o resto das propostas de resolución, tanto ás do Grupo Popular coma a algunhas outras que propoñen a reforma da Constitución-- á nosa tese respecto da reforma constitucional. Ademais, estráñanos que o señor

presidente da Xunta, un dos pais da Constitución, veña falar aquí da reforma constitucional porque supón, de entrada, que lle reconece tachas e limitacións a un texto do que, insisto, o propio presidente da Xunta debe estar orgulloso por contribuír á súa confección e aprobación, pero que para melloralo, oídamos que é preciso rescatar, en todo caso, un consenso, polo menos, tan amplo coma o consenso que permitiu elixir-la Ponencia que, no seu momento, redactou esa Constitución. Ese recoñecemento previo que fai o presidente da Xunta da limitación e insuficiencia da Constitución, por un que foi dos responsables da súa confección, parécenos unha autoconfesión de limitación propia que nós pensamos que o señor presidente non debía presentar ante esta Cámara nin ante Galicia. Pero despois --e para rematar--, se se quixese chegar a unha reforma constitucional, habería que buscar ese consenso que deu orixe no seu momento á creación do texto constitucional que, no ano 1978, se aprobou, e en segundo lugar, formular seriamente o que se quere, e non dicir incoherencias ou contradicións nos propios termos, como é a proposta de resolución número 129, que fan as súas señorías.

Estas son as nosas teses e nestas teses, e de acordo con estes criterios e estes argumentos, imos vota-lo conxunto das emendas que se presentan como propostas de resolución e que son emendas ó Goberno nesta sesión.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rodríguez Pardo.

Ten a palabra o señor Vázquez Portomeñe polo Grupo Popular.

O señor VAZQUEZ PORTOMEÑE: Señor presidente, señorías, quérolles dicir ós grupos parlamentarios que, ás veces, é conveniente citar antecedentes non sen antes facer unha

observación. Parece que aquí acudiron a facer un discurso para suplir deficiencias que, ó noso criterio, se produciron onte. Era onte cando tiñan que facer--las súas exposicións programáticas e mailas súas alternativas, non hoxe, que estamos tan só para defender unhas propostas de resolución.

Pero, en todo caso, quero facerlles unha observación histórica; non sei se recordan, señorías que integraron no seu momento o Goberno tripartito, cal foi a altura da súa xenerosidade á hora de aceptar--las propostas de resolución que formulabámo--los grupos da oposición. Había un só grupo, pero había máis deputados que estaban incardinados na oposición, concretamente, tamén a estaba o Grupo Mixto. Vostedes, nun xesto de xenerosidade, aceptáronnos oito propostas de resolución, cantidade verdadeiramente encomiable, tendo en conta a súa traxectoria de personaxes xenerosos.

Nós ímoslles aceptar a vostedes 32, 8 de Coalición Galega, é dicir, a Coalición Galega as mesmas que en total vostedes nos aceptaran a case a metade da Cámara en marzo de 1989; 4 a Esquerda Galega, a pesar da tentación moi forte que me asaltou persoalmente alí, en representación do noso grupo parlamentario, pola postura do portavoz de Esquerda Galega que, desde formulacións negativistas, non logrou nin entender cal era a nosa postura doutrinal --a xénese e a filosofía das nosas propostas intentarei explicárllelas con brevidade-- e cero ó Bloque, e láméntoo infinitamente, pero hai razóns que nos empuxan nesa dirección.

Señor portavoz e señores do grupo do BNG, vostedes formulan en ocasións temas absolutamente alleos ó debate e xa non digo ó interese de Galicia nin ó interese xeral; é dicir, temas que non foron obxecto de debate nin podían ter sido moitos deles obxecto de debate, cando as formulacións aquí eran de política xeral de Galicia.

En segundo lugar, vostedes fan formulacións que teñen unha operatividade ou unha filosofía que, evidentemente, presupón unha absoluta soberanía de Galicia, á que vostedes asignan capacidade de outorgar tratados de pesca con Namibia e con outras nacións deste mundo. Certamente, non temos ese tipo de competencias nin posibilidades.

E hai outros temas nos que vostedes se cinguen ó que foi obxecto do debate onte e son formulacións que, ó mellor, inicialmente en canto á súa idea aparentaban corrección, pero que están notoriamente subsumidos nas nosas propias propostas. En consecuencia, non imos redundar e dicirlles a vostedes que si.

En canto a vostedes, señores do PSOE, aceptámoslles 20 das 80 e tantas, porque cremos que, a través das mesmas, vostedes exhiben un espírito de colaboración que notoriamente aplaudimos. Rexeitámo--las demais, porque pensamos que vostedes o que tratan nelas é de substituí--lo Goberno. O Goberno ten a responsabilidade e crese coa capacidade para desenvolve-la, e iso pretende facer de cara ó futuro.

Desde outra óptica e respondendo a intervencións dos señores portavoces, xa lle dixen ó señor Nogueira que dá a sensación, sinceramente, en ocasións --como cando glosou as nosas propostas cara a Europa-- de que vostede non entendeu aínda a filosofía da convivencia europea e da integración europea ou de que non entendeu as autonomías. E eu así, claro, comprendo que vostede non me entenda por unha razón, arranca de presupostos independentistas e non de presupostos de autonomía. E lóxico, polo tanto, que cando nós o que intentamos é a defensa das autonomías, a súa propulsión, a elevación do teito das súas competencias, a súa vigorización, o seu tratamento adecuado ó nivel de Europa no concerto europeo, como verdadeiras rexións que teñen voz ou que deben ter voz e que deben ter capacidade de defensa

dos seus intereses, que vostede opte por outros camiños e diga que iso lle é insuficiente e que pretende unha relación directa de internacións.

Ese, evidentemente, non é o noso tema, e o que lle rogamos a vostede é que lea as nosas propostas de resolución e que non veña aquí a glosa--lo que nós non escribimos. Incluso é verdadeiramente curioso que o señor Nogueira pretenda arranxar Iugoslavia, que aquí citou reiterativamente. Nós, os que estamos aquí sentados nesta sala --que nos gustaría arranxar todo o mundo--, cremos que bastante responsabilidade temos se realmente levamos ós galegos á meta que o Goberno se propuxo e que onte expuxemos aquí tódolos que representámo--lo Goberno xeneralizadamente.

En canto ó señor Alvarez, queremos aplaudi--la súa sinceridade. O señor portavoz do Bloque subiu a esta tribuna e chamoulles emendas ás propostas do Grupo Socialista, foi o señor Alvarez que non fun eu, e, efectivamente, a verdade é que vexo nelas unha moi notable --na maior parte das mesmas, naquelas que nós rexeitamos-- connotación de emendas presupostarias. Non supoñen unha verdadeira iniciativa política, senón que intentan desarma--lo presuposto impoñéndolle ó Goberno obrigas que o Goberno realmente cre que deben ser doutro matiz e doutro teor.

Polo tanto, aquilo que é grandioso, que se chaman propostas de resolución, e que incluso conforman ou deberan conformar unha verdadeira alternativa, ese matiz nin o propio señor Alvarez, portavoz do Bloque --non eu--, o estimou nas súas propostas.

En canto ó galego, que o señor Alvarez dicía que nós maltratábamos, tamén lle rogo sinceramente que lea as nosas dúas propostas de resolución, as relativas ó Senado e as relativas ó Parlamento europeo. Con isto, tamén lle quero dicir, e con claridade, ó señor Nogueira,

que aproveite a ocasión, porque, verdadeiramente, a nosa petición foi absolutamente clara e contundente nese sentido. Ademais, quero dicirlles ós dous señores portavoces que, realmente, no Parlamento europeo, aínda estimándose o galego --como esperamos que así se faga-- como idioma de uso normal por quen o queira utilizar, o que hai é traducción simultánea. A utilización do galego non significa a condena directa ou a obriga directa --máis cá condena-- de que os señores deputados belgas, poñamos por caso, o escoiten a vostede en galego. Hai traducción simultánea, señor Nogueira, de forma que, cando alí acuda, saiba que as súas palabras non lles van chegar en galego, vailles chega--la traducción simultánea.

Señor Rodríguez Pardo, quero dicirlle a vostede que para poñer deberes hai que ser mestre. A min dáme a impresión de que onte desde esta tribuna quedou claro que a mestría, precisamente, estivo un pouco ausente en determinadas intervencións. Simplemente lle recordo iso: para poñer deberes neste mundo hai que ser mestre.

En segundo lugar, cando vostede intentou facer precisións conceptuais desde formulacións puramente políticas e xurídicas --máis ben xurídicas ca políticas-- e falou de que era unha imprecisión terminolóxica falar da transferencia de competencias, dígolle a vostede que este é un léxico absolutamente consagrado pola doutrina, absolutamente. As competencias son enormemente transferibles, e non confundámo--lo feito de que a Constitución e os estatutos de autonomía respectivos as asinen na bagaxe correspondente á relativa Comunidade Autónoma. Non confundamos iso co feito de que, efectivamente, cheguen a ser transferidas. E, ademais, recórdolle, señor Rodríguez Pardo, que incluso a propia Constitución revélanos que é posible a transferencia doutras competencias que tampouco están asinadas na bagaxe conforme ó artigo 149 da Constitución e mailos

respectivos estatutos de autonomía. Non están asinadas na bagaxe da Comunidade Autónoma.

Dito isto, eu a imprecisión terminolóxica non a vexo por ningunha parte, e sobre todo nunha mente ampla como é a súa. Desá amplitude fixo gala desde esta tribuna cando falou de que determinados conceptos, ó mellor, non adecuadamente expresados noutro tipo de resolucións, vostede os entendía perfectamente e os asumía. Pero, insisto, aquí hai precisión terminolóxica e, polo tanto, ó noso criterio, naturalmente iso non pode impedir que vostede se pronuncie positivamente sobre o tema.

En segundo lugar, quero dicirlle a vostede que, en canto ó principio da subsidiariedade, me dá a impresión de que non fomos entendidos e, sobre todo, dáme a impresión solemne e terminante de que, entre a súa intervención e maila intervención do señor Sánchez Presedo, hai unha contradición abismal. Cando onte eu dicía que a exhibición de principios que fixera o señor presidente, a súa enumeración, etc., tanto no ámbito do noso contexto de relación coas comunidades autónomas, é dicir no interior de España, coma no noso contexto de relación coas rexións europeas; cando eu dicía que eran corpos novidosos de doutrina, efectivamente idóneos, conforme ó noso criterio, para darlle a Galicia o papel que nós lle reclamamos neses dous amplos concertos, o señor Sánchez Presedo saíu aquí a dicirnos que, incluso, se trataba de rancios principios; abraiante afirmación cando vostede vén hoxe, emenda absolutamente a plana e dínos que o principio da subsidiariedade non lles está asignado nos textos constitucionais europeos ás comunidades autónomas e, polo tanto, ás rexións. De aí vén o novidoso da nosa postura e o novidoso da nosa doutrina, nós pretendemos que se lles asigne.

O mesmo acontece cando vostede falaba do principio da participa-

ción, do principio de apelación, e do feito de que non sexamos circunscrición electoral para os efectos de elección do Parlamento europeo, tal e como pretendemos. Vostede vén a dicir que todo isto é unha novidade que non consta reflectida en ningún texto legal. Efectivamente, é unha novidade, señor Rodríguez Pardo, e tan novidade como que eu estou falando de que o señor presidente construíu un novidoso corpo de doutrina, co cal --repítolle-- intentamos poñer a Galicia no lugar que lle corresponde nestes dous amplos contextos.

Dito isto, póñanse vostedes de acordo, ¿somos rancios ou somos novidosos? Quedemos coa realidade; somos, evidentemente, novidosos.

Conclúo dicíndolle a vostede que a sacralización que fai da Constitución a min paréceme absolutamente excesiva. Toda Constitución neste mundo, tamén a española, está ó servicio dos homes, non os homes ó servicio dun texto, aínda que sexa constitucional. Desde outro punto de vista, comprenda a súa señoría que cando nós pedimos unha reforma puntual, a do artigo 69, para os efectos de defende-la autonomía --probablemente vostedes non entendan a nosa postura, ese é o seu problema-- e de darlle a través de determinadas institucións o foro oportuno para a defensa dos seus intereses, o certo é que estamos sendo parcos na petición de reforma. E, en segundo lugar, pense a súa señoría, como filosofía final, que quen pide unha reforma está consagrando a existencia diso que pretende reformar, sobre todo, tratándose dunha reforma tan puntual e tan parca como esta que lle estou revelando á súa señoría.

Dito isto, señorías, nada máis teño que engadir que moitas das distintas propostas de resolución que pretendemos estimar e --insisto-- que van subir a trinta e dúas en total, pretenden, algunhas delas, modificacións moi parcas que, en absoluto, alteran o seu sentido, nin moito menos, senón que contri-

búen a facelas aplicables e, polo tanto, observables, porque a óptica do Grupo Popular que aquí estou representando e, xa que logo, a óptica do Goberno, é cumprí--las propostas de resolución que este Parlamento apróbe, e non facer oídos xordos ás mesmas.

Para os efectos, polo tanto, de aclarar, posibilitar e facer viable o seu cumprimento, eu rogaríalle, señor presidente, que nos permitise cinco minutos de diálogo cos distintos portavoces dos distintos grupos para os efectos de poder observar se se aceptan ou non esas pequenas modificacións que nós propoñemos.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: A Presidencia é máis xenerosa, señor Portomeñe, e concederá dez.

(Píde a palabra o señor deputado Sánchez Presedo).

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Sánchez Presedo.

O señor SANCHEZ PRESEDO: Señor presidente, quixera realizar unha aclaración porque fun aludido polo señor Vázquez Portomeñe respecto das contradicións que poden existir entre a posición do señor Rodríguez Pardo e a que eu mesmo defendo. Eu creo que a contradición está realmente entre o texto do Goberno, a posición que presentou o presidente e a resolución da maioría do Grupo Popular. O principio de subsidiariedade, do que se está falando na construción europea, é un principio que se lles aplica ás institucións comunitarias, porque o proceso constituínte afecta ás institucións comunitarias. Vostedes falan do principio de subsidiariedade aplicado á Comunidade Autónoma, e a Comunidade Autónoma ten xa un marco constituínte definido; polo tanto, non é necesario aplicalo porque xa temos un marco consti-

tuínte definido. Se queren aplicalo principio de subsidiariedade, aplíquenllo ás institucións comunitarias, e entón, así, nós poderemos entendelo. O que ocorre é que vostedes din unha cousa e fan outra. Se queren aplicalos principios europeos, loxicamente, aplíquenlos correctamente e non os manipulen.

Máis nada e moitas grazas.

(Píde a palabra o señor deputado Vázquez Portomeñe).

O señor PRESIDENTE: ¿Si, señor Portomeñe?

O señor VAZQUEZ PORTOMEÑE: Simplemente, señor presidente, desde unha posición de máximo respecto ó señor portavoz do Grupo Socialista, quero dicirlle que nós comprendemos perfectamente que vostedes non entendan as nosas teses, comprendémolo perfectamente.

O señor PRESIDENTE: Para facilitar--la transacción que se ten anunciada, suspéndese a sesión por dez minutos.

Suspéndese a sesión.

Reanúdase a sesión.

-VOTACION DAS PROPOSTAS DE RESOLUCION.

O señor PRESIDENTE: Señoras e señores deputados, reanúdase a sesión.

Señores portavoces, ¿teñen a bondade de lle comunicar á Mesa as transaccións ás que chegaron?

Ten a palabra o señor Vázquez Portomeñe.

O señor VAZQUEZ PORTOMEÑE: Se-

ñor presidente, efectivamente, chegouse a transaccións enormemente puntuais ata o extremo de que as vai enunciar cada un dos señores portavoces dos distintos grupos cos que se transaccionou. Rógolles ós servicios da Mesa que tomen nota das pequenas --reitero-- correccións que iso supón. Normalmente, as correccións estriban na supresión de dúas ou tres palabras en cada unha das propostas transaccionadas.

O señor PRESIDENTE: Comezamos, entón, por Coalición Galega.

Ten a palabra o señor Oujo Bello, desde o escano ou como desexe o señor deputado.

O señor OUJO BELLO: Moitas grazas, señor presidente.

Quero dicir que as emendas que foron aceptadas ou transaccionadas son as seguintes:

A número 105 está aceptada tal como vén no seu texto orixinal que di: "Realiza--las xestións necesarias co Goberno do Estado para o traspaso das funcións e dos medios persoais, materiais e financeiros en materia de servicios sanitarios dependentes do Instituto Social da Mariña".

Tamén foi aceptada a emenda n.º 110 tal e como vén no texto e di: "Presentar un plan especial de apoio ó sector leiteiro".

Tamén foi aceptada a 111 co seu texto, que di: "Realiza--las xestións oportunas con obxecto de poder conseguir que, nas próximas eleccións ó Parlamento europeo, Galicia sexa circunscrición electoral".

Tamén a 112 tal e como vén no seu texto, que consiste en face--las xestións para que o galego sexa lingua oficial no Parlamento europeo.

Na número 115, o texto definitivo que foi transaccionado é o seguinte: "Continuar realizando as xestións oportunas para que a rede de gas natural de Galicia entre en servicio antes de finaliza--lo ano 1995".

A 116 vai co seu texto orixinal, que di: "Acelera--los traballos que se veñen levando a cabo para que o Parque Tecnolóxico de Galicia, situado en Ourense, entre en servicio antes do ano 1993".

A 117 foi consensuada, e o texto definitivo é o seguinte: "Presentar no Parlamento de Galicia o proxecto de bases de ordenación do territorio necesario para a vertebración da nación galega e para unha maior racionalización dos investimentos do Goberno".

O señor PRESIDENTE: Da 117, ¿suprímese a expresión: "antes do próximo 30 de xuño de 1991"?

O señor OUJO BELLO: Exactamente, e queda: "proxecto de bases de ordenación do territorio" e todo o demais igual.

O texto definitivo da emenda 119 é: "presentar ante o Parlamento antes do 31 de marzo de 1991 o Plan Xacobeo 93". O texto queda, pois, tal e como estaba, non hai transacción.

A emenda 121 queda tamén tal e como vén, sen transacción: "que, antes do remate de 1993, a cobertura da Radio Galega e Televisión Galega chegue de feito a tódalas comarcas e áreas territoriais do noso país".

Máis nada.

O señor PRESIDENTE: En definitiva, para concreta--los termos de votación, as emendadas transaccionadas son a 117 e a 115.

(Pide a palabra o señor deputa-

do Alvarez Domínguez).

O señor ALVAREZ DOMINGUEZ: Señor presidente, coido que sería importante que se dese lectura íntegra ás propostas de resolución que están transaccionadas para saber cal é a súa redacción definitiva.

O señor PRESIDENTE: Si, señor Alvarez.

Déase lectura, por parte do secretario da Mesa, o texto transaccionado da emenda 115 de Coalición Galega.

O señor SECRETARIO (Iribarren Fernández--Fogina): "O Parlamento insta á Xunta de Galicia a continuar realizando as xestións oportunas para que a rede de gas natural de Galicia entre en servizo antes de finaliza--lo ano 1995".

O señor PRESIDENTE: Igualmente déase lectura ó texto transaccionado da número 117.

O señor SECRETARIO (Iribarren Fernández--Rogina): "O Parlamento insta á Xunta de Galicia a presentar no Parlamento de Galicia o proxecto de bases de ordenación do territorio necesario para a vertebración da nación galega e para unha maior racionalización das accións de Goberno".

O señor PRESIDENTE: Autorízase a transacción por tódolos grupos, entón podemos proceder a vota--las propostas de resolución.

(Pide a palabra o señor deputado Rodríguez Pardo).

O señor RODRIGUEZ PARDO: Señor presidente, pola nosa parte, estaríamos en condicións de acepta--la votación por grupos, o que pasa é que habería que fixar previamente

se separamos algunhas ou se se votan en conxunto tódalas propostas de cada grupo, porque nós imos votar de distinta forma en cada unha das propostas.

O señor PRESIDENTE: Imos votar polo procedemento de man alzada, interpretando o xesto que di o Regulamento de poñerse de pé, votando as propostas unha a unha, agás que un grupo pida que se voten determinados números xuntos.

Suxeriríalle a cada grupo que indicase as que se poden votar agrupadas.

(Pide a palabra o señor deputado Oujo Bello).

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Oujo Bello.

O señor OUJO BELLO: Señor presidente, pola nosa banda, cremos que sería máis efectivo que as que xa foron transaccionadas e aceptadas polo Grupo Popular se votasen todas nun bloque e quedasen para o final.

Eu propoñeríalles que se votasen dunha "atacada" --perdóeseme a expresión-- a 105, 110, 111, 112, 115, 116, 117, 119 e 121, e despois noutro bloque, agás que outro grupo pida outra cousa, conxuntamente o resto delas.

(Pide a palabra o señor deputado Rodríguez Pardo).

O señor RODRIGUEZ PARDO: Señor presidente, a min paréceme que vai ser mellor votar unha por unha, porque nós, por exemplo, podemos ter nun caso a intención de votar favorablemente, ó mellor, as que están transaccionadas e noutro caso, ó mellor, non. Entón, paréceme que desa maneira armamos moito barullo.

Gracias, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Acometémo--la tarefa de votar unha a unha as resolucións, agás que haxa outra petición expresa dun grupo.

Propostas de resolución de Coalición Galega. Obviámolo trámite, se a Cámara o autoriza, de dar lectura á resolución, en función de que tódolos grupos e tódolos deputados teñen o texto de tódalas propostas.

Votación das propostas de maior a menor, como foron defendidas, e por orde de presentación de cada grupo.

Ponse a votación a proposta de resolución número 103 de Coalición Galega.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 35; votos en contra, 37.

O señor PRESIDENTE: O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada a proposta 103.

Ponse a votación a proposta número 104.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 35; votos en contra, 37.

O señor PRESIDENTE: O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta.

Ponse a votación a proposta número 105.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: A proposta foi aprobada por unanimidade.

O señor PRESIDENTE: En consecuencia, queda aprobada.

Ponse a votación a proposta número 106.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 35; votos en contra, 37.

O señor PRESIDENTE: O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta.

Ponse a votación a proposta número 107.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 35; votos en contra, 37.

O señor PRESIDENTE: O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta.

Ponse a votación a proposta número 108.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 35; votos en contra, 37.

O señor PRESIDENTE: O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta.

Ponse a votación a proposta número 109.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: A proposta foi aprobada por unanimidade.

O señor PRESIDENTE: En consecuencia queda aprobada esta proposta.

Ponse a votación a proposta número 110.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: A proposta foi aprobada por unanimidade.

O señor PRESIDENTE: En consecuencia, queda aprobada esta proposta.

Ponse a votación a proposta número 111.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 45; abstencións, 27.

O señor PRESIDENTE: O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta.

Ponse a votación a proposta número 112.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: A proposta foi aprobada por unanimidade.

O señor PRESIDENTE: En consecuencia, queda aprobada esta proposta.

Ponse a votación a proposta número 113.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 8; votos en contra, 37; abstencións, 27.

O señor PRESIDENTE: O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta.

Ponse a votación a proposta número 114.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 35; votos en contra, 37.

O señor PRESIDENTE: O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta.

Ponse a votación a proposta número 115.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 45; abstencións, 27.

O señor PRESIDENTE: O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta.

Ponse a votación a proposta número 116.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: A proposta foi aprobada por unanimidade.

O señor PRESIDENTE: En consecuencia, queda aprobada esta proposta.

Ponse a votación a proposta número 117.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: A proposta foi aprobada por unanimidade.

O señor PRESIDENTE: En consecuencia, queda aprobada esta proposta.

Ponse a votación a proposta número 118.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 35; votos en contra, 37.

O señor PRESIDENTE: O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta.

Ponse a votación a proposta número 119.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: A proposta foi aprobada por unanimidade.

O señor PRESIDENTE: En consecuencia, queda aprobada esta proposta.

Ponse a votación a proposta nú-

mero 120.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 35; votos en contra, 37.

O señor PRESIDENTE: O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta.

Ponse a votación a proposta número 121.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: A proposta foi aprobada por unanimidade.

O señor PRESIDENTE: En consecuencia, queda aprobada por unanimidade.

Ponse a votación a proposta número 122.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 35; votos en contra, 37.

O señor PRESIDENTE: O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta.

Ponse a votación a proposta número 123.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 35; votos en contra, 37.

O señor PRESIDENTE: O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta.

(Pide a palabra o señor deputado Nogueira Román).

O señor PRESIDENTE: Señor Nogueira, ¿para que pide a palabra?

O señor NOGUEIRA ROMAN: Para explica--las circunstancias das nosas emendas brevisimamente, señor presidente, se mo permite.

O señor PRESIDENTE: Si, señor Nogueira, creo que o trámite é de anuncia--las transaccionais acordadas e non face--la defensa, porque xa houbo dúas roldas. Rogaríalle, señoría, que fixese referencia ás emendas que teñen posibilidade de ser transaccionadas ou que foron xa transaccionadas, e tamén ás que, dalgunha forma, foron aceptadas.

O señor NOGUEIRA ROMAN: Incluso, se é posible, voulle facer unha suxestión de votación para alixer--la cousa, señor presidente.

Presentamos 10 emendas, señor presidente. A número 4 está transaccionada coa número 45, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, refírese ó financiamento; polo tanto é a única transacción que existe.

Despois pódense votar conxuntamente as número 5, relativa ó tren de alta velocidade; a número 7, relativa á produción láctea; e a 8, relativa a ASTANO; como van ser votadas a favor polo Grupo Popular, pido que se diferencien das outras.

A número 10, xa que é unha resolución máis de carácter político sobre o Goberno, solicito que se vote tamén por separado.

Polo tanto, serían a 4 por un

lado; a 5, 7 e 8 por outro; a 10 por outro; e o resto conxuntamente, se é posible.

(Pide a palabra o señor deputado Rodríguez Pardo).

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Rodríguez Pardo.

O señor RODRIGUEZ PARDO: Si, señor presidente, é que volvemos estar nas mesmas circunstancias ca antes, así que, polo tanto, que se voten por separado.

O señor PRESIDENTE: O documento do PSG--EG é un documento único co número 124, pero contén no propio documento 10 propostas de resolución. Unicamente con referencia á número 4 hai unha transacción acordada entre o Grupo Parlamentario dos Socialistas e o Grupo Parlamentario Mixto, Esquerda Galega. A miña pregunta ós grupos é se esta emenda transaccional, con autorización dos demais grupos, se pode poñer a votación. De ser así, poñeríamola ó final para diferenciala dun grupo e doutro.

Votación das propostas de resolución do PSG--EG.

Ponse a votación a proposta n° 1 do PSG--Esquerda Galega.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 8; votos en contra, 38; abstencións, 27.

O señor PRESIDENTE: O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada a proposta n° 1.

Ponse a votación a proposta n° 2.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 35; votos en contra, 38.

O señor PRESIDENTE: O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada a proposta n° 2.

Ponse a votación a proposta n° 3.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 35; votos en contra, 38.

O señor PRESIDENTE: O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada a proposta n° 3.

Saltamos á proposta n° 4 para poñer, ó final da votación, o texto transaccionado.

Ponse a votación a proposta n° 5.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 46; abstencións, 27.

O señor PRESIDENTE: O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada a resolución n° 5.

Ponse a votación a resolución n° 6.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 8; votos en contra, 38; abstencións, 27.

O señor PRESIDENTE: O resultado

da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada a proposta de resolución n° 6.

Ponse a votación a proposta de resolución n° 7.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: A proposta foi aprobada por unanimidade.

O señor PRESIDENTE: En consecuencia, queda aprobada esta resolución.

Ponse a votación a proposta de resolución n° 8.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: A proposta foi aprobada por unanimidade.

O señor PRESIDENTE: En consecuencia, queda aprobada a proposta de resolución n° 8.

Ponse a votación a proposta de resolución n° 9.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 8; votos en contra, 65.

O señor PRESIDENTE: O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada a proposta n° 9.

Ponse a votación a proposta de resolución n° 10.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 35; votos en contra, 38.

O señor PRESIDENTE: O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada a proposición n° 10.

(Pide a palabra o señor conselleiro de Relacións Institucionais e Portavoz do Goberno (Vázquez Portomeñe)).

O señor PRESIDENTE: ¿Si, señor Portomeñe?

O señor CONSELLEIRO DE RELACIONES INSTITUCIONAIS E PORTAVOZ DO GOBERNO (Vázquez Portomeñe): E que non se nos deu opción para explicar, nin o señor Nogueira o fixo no seu momento. O certo é que desta proposta de resolución número 8, que se votou incluíndo os dous parágrafos, nós non asumímo--lo último. Non é a nosa intención dicirlle que si. O que di é: "Insta igualmente á Xunta a que calquera decisión sobre o futuro de ASTANO na que participe o Goberno galego sexa precisamente coñecida e debatida neste Parlamento", porque realmente as decisións sobre o futuro de ASTANO, sen prexuício do noso empuje, son do INI e da Administración central.

O señor PRESIDENTE: Que quede constancia no Diario de Sesións. ¿Cal é a proposta da súa señoría?

O señor CONSELLEIRO DE RELACIONES INSTITUCIONAIS E PORTAVOZ DO GOBERNO (Vázquez Portomeñe): E dicir, queda, polo tanto, aclarado no Diario de Sesións que nós dicimos que si ó primeiro dos parágrafos da resolución n° 8 de Esquerda Galega, e dicimos que non ó segundo dos parágrafos desa propia resolución.

O señor PRESIDENTE: Procedemos a vota--lo texto transaccionado da proposta de resolución n° 4, á que vai dar lectura o secretario da Me-

sa.

O señor SECRETARIO (Iribarren Fernández—Rogina): "O Parlamento de Galicia constituirá, no seu seo, unha Comisión non permanente coa participación de tódolos grupos da Cámara, con obxectivos de información, análise e formación de propostas no proceso de negociación do novo modelo de financiamento autónómico co fin de conseguir unha alternativa respaldada polas forzas políticas máis representativas de Galicia. Así mesmo, manifesta que as limitacións recoñecidas no modelo actualmente vixente deben ser superadas atendendo a criterios de equidade na dotación de servizos públicos, avance da corresponsabilidade fiscal e adecuada formulación dos instrumentos financeiros de carácter compensatorio".

O señor PRESIDENTE: A aceptación desa transacción por Esquerda Galega e polo Grupo dos Socialistas supón, entón, a retirada da resolución n° 4 do PSG--Esquerda Galega e da n° 45 do Grupo Parlamentario dos Socialistas.

Ponse agora a votación ese texto transaccionado polas dúas forzas políticas antes citadas.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 35; votos en contra, 38.

O señor PRESIDENTE: O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado o texto transaccionado.

Pasamos, a seguir, á votación das propostas de resolución do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(Pide a palabra o señor deputado Alvarez Domínguez).

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Alvarez Domínguez.

O señor ALVAREZ DOMINGUEZ: Señor presidente, o BNG desexa que se voten por separado as súas propostas de resolución, a número 85, que fai referencia á renegociación do tratado coa Comunidade Económica Europea; a número 87, que vai neste mesmo sentido; a número 89, que trata concretamente da reforma da construción no punto 3 para que o noso idioma poida ser utilizado nas institucións do Estado como oficial tanto no Congreso coma no Senado; a número 93, que se refire ó mantemento da capacidade productiva dos estaleiros de ASTANO; e, por fin, a número 102, que pide unha definición do Parlamento sobre a crise derivada da guerra do Golfo Pérsico. Nesta resolución, tamén solicita o Bloque Nacionalista Galego que, ademais de ser votada no seu conxunto, sexan votados separadamente os diferentes puntos. As outras, o Bloque Nacionalista Galego pide que se voten en conxunto.

O señor PRESIDENTE: ¿Hai algunha obxección a facer esta votación en conxunto por algún grupo?

(Pide a palabra o señor deputado Rodríguez Pardo).

O señor PRESIDENTE: ¿Si, señor Rodríguez Pardo?

O señor RODRIGUEZ PARDO: Señor presidente, nós temos distinta intención de voto nos grupos de emendas, entón, agrupamos nós polo noso criterio ou se non haberá que volver e votalas por separado outra vez.

O señor PRESIDENTE: Ponse a votación a proposta de resolución n° 84 do Grupo Parlamentario do BNG.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 35; votos en contra, 38.

O señor PRESIDENTE: O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada a proposición n° 84.

Ponse a votación a proposición n° 85.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 8; votos en contra, 65.

O señor PRESIDENTE: O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada a proposta de resolución.

Ponse a votación a proposta n° 86.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 6; votos en contra, 38; abstencións, 29.

O señor PRESIDENTE: O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada a resolución n° 86.

Ponse a votación a proposta n° 87.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 8; votos en contra, 65.

O señor PRESIDENTE: O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada a proposta n° 87.

Ponse a votación a proposta n° 88.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 8; votos en contra, 65.

O señor PRESIDENTE: O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada a proposta n° 88.

Ponse a votación a proposición n° 89.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 8; votos en contra, 65.

O señor PRESIDENTE: O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada a proposta n° 89.

Ponse a votación a proposición n° 90.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 8; votos en contra, 38; abstencións, 27.

O señor PRESIDENTE: O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada a proposta n° 90.

Ponse a votación a proposta n° 91.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 35; votos en contra, 38.

O señor PRESIDENTE: O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada a proposta n° 91.

Ponse a votación a proposición n° 92.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 35; votos en contra, 38.

O señor PRESIDENTE: O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada a proposición n° 92.

Ponse a votación a proposición n° 93.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 8; votos en contra, 38; abstencións, 27.

O señor PRESIDENTE: O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada a proposta n° 93.

Ponse a votación a proposición n° 94.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 35; votos en contra, 38.

O señor PRESIDENTE: O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada a proposta n° 94.

Ponse a votación a proposta n° 95.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 35; votos en contra, 38.

O señor PRESIDENTE: O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada a proposta n° 95.

Proposición n° 96.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 38; abstencións, 2.

O señor PRESIDENTE: O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada a proposición n° 96.

Ponse a votación a proposición n° 97.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 8; votos en contra, 65.

O señor PRESIDENTE: O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada a proposición n° 97.

Ponse a votación a proposición n° 98.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 35; votos en contra, 38.

O señor PRESIDENTE: O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada a proposición n° 98.

Ponse a votación a proposición n° 99.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 35; votos en contra, 38.

O señor PRESIDENTE: O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada a proposición n° 99.

Ponse a votación a proposición n° 100.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 35; votos en contra, 38.

O señor PRESIDENTE: O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada a proposición n° 100.

Ponse a votación a proposición n° 101.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 35; votos en contra, 38.

O señor PRESIDENTE: O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada a proposición n° 101.

Na proposición n° 102, pídese a votación por puntos. O texto da disposición di así: "Proposta de resolución: O Parlamento de Galicia aproba a seguinte resolución: Diante da guerra que está a ter lugar no Golfo Pérsico o Parlamento de Galicia:

1) Insta ás partes en conflito á negociación para a inmediata pa-

ralización da mesma".

Ponse a votación este punto 1.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 8; votos en contra, 65.

O señor PRESIDENTE: O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado o punto 1.

Punto 2: "Esixe do Goberno español a inmediata retirada da zona do conflito e a volta ás súas bases das tropas e barcos do Estado español que se atopan na zona".

Ponse a votación este punto.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 6; votos en contra, 65; abstencións, 2.

O señor PRESIDENTE: O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este punto 2).

Punto 3): "Esixe do Goberno español a prohibición da utilización das bases norteamericanas como apoio loxístico para a guerra".

Ponse a votación este punto.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 6; votos en contra, 65; abstencións, 2.

O señor PRESIDENTE: O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este punto 3.

Punto 4: "Repudia as manifesta-

cións do capitán xeneral da zona marítima do Cantábrico a favor dun maior compromiso belicista do Estado español nesta guerra".

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 6; votos en contra, 38; abstencións, 29.

O señor PRESIDENTE: O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este punto 4.

Propostas de resolución do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

(Pide a palabra o señor deputado Rodríguez Pardo).

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Rodríguez Pardo.

O señor RODRIGUEZ PARDO: Señor presidente, ofrecéronse por parte do Grupo Popular algunhas transaccións que, unha vez analizadas, desgraciadamente, vemos que non poden ser recollidas. O que si hai é unha intención de voto favorable a diversas propostas de resolución deste grupo que aceptamos e agradecemos.

Respecto das demais, non é posible a transacción, polo tanto, supoño que se votarán en contra. Se os distintos grupos parlamentarios queren votalas todas separadamente, parécenos moi ben; se prefiren agrupalas doutro xeito para votalas, non temos inconveniente ningún en face--las agrupacións que se consideren necesarias.

O señor PRESIDENTE: Entón, señor portavoz, faga unha proposta de agrupación dos números concretos.

(Pide a palabra o señor deputado Alvarez Domínguez).

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Alvarez Domínguez.

O señor ALVAREZ DOMINGUEZ: Respondendo ó convite que nos fai o portavoz do PSOE, quero dicirlle que o Bloque Nacionalista Galego ten interese en que se vote separadamente a proposta n.º 38. Por outra parte, non hai inconveniente ningún en que as restantes se voten dunha forma unificada.

(Pide a palabra o señor deputado Vázquez Portomeñe).

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Vázquez Portomeñe.

O señor VAZQUEZ PORTOMEÑE: Señor presidente, para abrevia-la votación, eu propoñeríalle ó portavoz do PSOE que se votasen separadamente de tódalas demandas aquelas que o Grupo Parlamentario Popular desexa aceptar, sen prexuício calgunha especificidade, que se pretendeu por parte doutros grupos. Aquelas ás que o Grupo Popular vai dicir que si son as números: 1, 4, 18, 22, 24, 25, 26, 27, 31, 35, 36, 49 e 54.

(Pide a palabra o señor deputado Oujo Bello).

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Oujo Bello.

O señor OUJO BELLO: Nós tamén solicitaríamo-la votación por separado da emenda que mencionou o portavoz do BNG, que é a número 38. E para evitar explicación de voto, direi que, estando de acordo no fondo, non nos parece axeitado o procedemento de buscar, a través de medidas fiscais, financiamento para o desenvolvemento tecnolóxico, polo menos neste momento.

Máis nada e moitas gracias.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias.

Se esta Presidencia non entende mal, pódese facer un grupo coas emendas números: 1, 4, 18, 22, 24, 25, 26, 27, 31, 35, 36, 49 e 54. Votaríanse por separado as números 10 e a número 38 e finalmente outro bloque coas restantes, agás a 45, que foi retirada en función da transacción acadada co PSG--EG.

Póñense a votación as propostas de resolución números 1, 4, 18, 22, 24, 25, 26, 27, 31, 35, 36, 49 e 54.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: As propostas foron aprobadas por unanimidade.

O señor PRESIDENTE: En consecuencia, quedan aprobadas todas estas propostas.

Ponse a votación a proposta número 10.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 38; abstencións, 2.

O señor PRESIDENTE: O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta.

Ponse a votación a proposta número 38.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 27; votos en contra, 38; abstencións, 8.

O señor PRESIDENTE: O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta.

Póñense a votación, seguidamente, as propostas de resolución números 2, 3, 5 á 17, 19, 20, 21, 23, 28, 29, 30, 32, 33, 34, 37 á 44, 46, 47, 48, 50, 51, 52, 53 e 55 á 83.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 35; votos en contra, 38.

O señor PRESIDENTE: O resultado da votación é negativo

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

Seguidamente, pasaremos a votarl as propostas de resolución do Grupo Palamentario Popular.

(Pide a palabra o señor deputado Vázquez Portomeñe).

O señor PRESIDENTE: O señor Vázquez Portomeñe ten a palabra.

O señor VAZQUEZ PORTOMEÑE: Señor presidente, agás petición expresa dalgún grupo, eu propono que se sometan a votación en bloque.

(Pide a palabra o señor deputado Nogueira Román).

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Nogueira Román.

O señor NOGUEIRA ROMAN: Señor presidente, pedimos que se voten por separado as tres primeiras relativas ás transferencias de competencias e á cuestión de sanidade e dos hospitais na Administración local, das restantes que se refiren á cuestión de Europa e do Senado español.

(Pide a palabra o señor deputado Oujo Bello).

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Oujo Bello.

O señor OUJO BELLO: E simplemente para dicir que nas dúas últimas emendas, a 128 e a 129, se fose posible votar por puntos nós apoiaríamos algún, pero se se votan así, en bloque, nós non as apoiamos. Na 128, pediríamos que o punto 5 fose votado separadamente e, se fose posible, tamén o último parágrafo do texto xeral onde fala da lingua galega como o idioma comunitario e na 129 tamén votaríamos afirmativamente o último parágrafo do punto b), onde fala do galego como lingua do Senado.

O señor PRESIDENTE: Ponse a votación a proposta número 125.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 46; abstencións, 27.

O señor PRESIDENTE: O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta de resolución.

Ponse a votación a proposta número 126.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: A proposta foi aprobada por unanimidade.

O señor PRESIDENTE: En consecuencia, queda aprobada esta proposta.

Ponse a votación a proposta número 127.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: A proposta foi aprobada por unanimidade.

O señor PRESIDENTE: En consecuencia, queda aprobada esta proposta.

A proposta de resolución número 128 comprende 5 puntos e unha parte final común a tódolos puntos, que se entenderá votada con cada un deles.

Póñense a votación conxunta os puntos 1, 2, 3 e 4 da proposta número 128.

(Pide a palabra o señor deputado Rodríguez Pardo).

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Rodríguez Pardo.

O señor RODRIGUEZ PARDO: Se se trata de facerlle cachiños a isto, por exemplo, o último parágrafo do punto 5, sobre o idioma comunitario --a lingua galega--, non ten nada que ver cos cinco primeiros puntos, que parece ser que tratan de incorporar estes principios ós tratados europeos en calidade de principios constitucionais; entón, en caso de que se voten separadamente, que se faga votando separadamente tamén os números e os propios parágrafos de todo o texto da proposta.

O señor PRESIDENTE: Non sei se o resultado desta separación pode resultar congruente ou incongruente.

O señor VAZQUEZ PORTOMEÑE: Estamos de acordo, señor presidente, en que se vote tal e como piden os grupos parlamentarios, é dicir, separando os parágrafos. Non temos ningunha dificultade.

O señor PRESIDENTE: A Mesa que-

da a salvo das incongruencias que poidan resultar.

(Pide a palabra o señor deputado Oujo Bello).

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Oujo Bello.

O señor OUJO BELLO: Pola nosa banda, pido unicamente que se vote por separado o punto quinto, que está especificamente marcado para evitar calquera tipo de mala interpretación.

O señor PRESIDENTE: Votámo--lo texto da resolución agás o punto quinto.

(Pide a palabra a señora deputada García Negro).

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora García Negro.

A señora GARCIA NEGRO: Dá a casualidade de que esta especie de desconcentración parcelaria que se está facendo aquí dalgunhas propostas de resolución aínda acentúa máis a absoluta irrealidade dalgunha das propostas que, con toda probabilidade, van ser aprobadas aquí. Entón, o que solicito, en nome do noso grupo, é que, ou ben agora ou ben despois de efectuada a votación, haxa a posibilidade de explica--la nosa posición neste sentido, porque o que queremos é que neste recinto e fóra quede, máis unha vez, aclarada a nosa posición respecto dunha increíble demagogia que se está practicando aquí co idioma galego no que é exactamene o derradeiro parágrafo da proposta de resolución número 128.

O señor PRESIDENTE: Neste momento, señora deputada, estamos meramente tratando un tema procesual de ordenación da votación. Eviden-

temente, o seu grupo ten dereito á explicación de voto. Entende esta Presidencia que, dada a complexidade da votación, deben ter tódolos grupos dereito de explicación de voto para fixa--las súas posicións.

(Pide a palabra o señor deputado Rodríguez Pardo).

O señor RODRIGUEZ PARDO: Señor presidente, é que antes nós, ó desagregarse unha parte, dixemos que se desagregase todo. O señor portavoz do Grupo Popular dixo que, efectivamente, se votaría como pedisémoo--los grupos, entón nós pedimos que se voten separadamente os puntos 1, 2, 3, 4, 5 e ademais os dous parágrafos finais deste último punto.

O señor PRESIDENTE: Perfectamente.

Ponse a votación o punto 1 da proposta de resolución número 128.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 38; votos en contra, 4; abstencións, 31.

O señor PRESIDENTE: O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o punto primeiro.

Ponse a votación o punto segundo.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 65; votos en contra, 4; abstencións, 4.

O señor PRESIDENTE: O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado este punto.

Ponse a votación o punto terceiro.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 38; votos en contra, 4; abstencións, 31.

O señor PRESIDENTE: O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado este punto.

Ponse a votación o punto cuarto.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 67; votos en contra, 4; abstencións, 2.

O señor PRESIDENTE: O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o punto cuarto.

Ponse a votación o punto quinto.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 40; votos en contra, 4; abstencións, 29.

O señor PRESIDENTE: O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o punto quinto.

Ponse a votación o parágrafo penúltimo desde. "para tal efecto"

ata "principios constitucionais".

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 38; votos en contra, 4; abstencións, 31.

O señor PRESIDENTE: O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado este parágrafo.

Ponse a votación o parágrafo último.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 69; votos en contra, 4.

O señor PRESIDENTE: O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada a resolución 128.

Concedémolle á señora García Negro a rolda de explicación de voto, agora ou ó final das emendas do Grupo Popular, como desexe a súa señoría.

A señora GARCIA NEGRO: Prefiro agora.

O señor PRESIDENTE: Agradézolle á súa señoría que se axuste á rolda que é de explicación de voto, sen abrir debate sobre un tema que xa foi debatido.

A señora GARCIA NEGRO: Si, espero facelo así porque me vou limitar ó derradeiro parágrafo do punto cinco desta proposta que se acaba de votar.

Insisto no que enunciei antes en nome do noso grupo: a demagogia

e o salto, a fuxida cara a adiante respecto da política que se está a levar co idioma chega a extremos increíbles como esta proposta require.

Pola nosa parte e non unicamente para esta Cámara, senón para coñecemento, naturalmente, da opinión pública galega, queremos puntualiza--lo seguinte:

O que aquí se di de igualdade ou dos mesmos termos de oficialidade ou de presenza do galego respecto da lingua catalana non supón, baixo ningún concepto, o menor grao de oficialidade. Os cataláns o que teñen conseguido respecto do seu idioma é, única e exclusivamente, a posibilidade de traducción en catalán de determinados documentos comunitarios que teñen que ver con asuntos relativos á súa nación.

Isto, en primeiro lugar, para que se saiba, porque certa dose de cultura xeral en cuestións idiomáticas é moi preciso que a teña todo o mundo; certa dose nada máis, para ir cortando demagoxias.

En segundo lugar, sería xa absolutamente superfluo recordar aquí que o Bloque Nacionalista Galego e, polo tanto, o seu grupo parlamentario, non só non se vai opor a ningunha presenza do galego, por suposto, en ningún ámbito nacional ou internacional, senón que fomos --e como podemos mantelo así a gala podemos exhibilo-- os únicos que, mesmo en determinados foros europeos, mantivémo--lo galego con traducción ou sen traducción, e podemos dar fe disto. O que acontece é que, cando aquí na nosa nación se están a esmagar dunha maneira consciente, tanto en leis escritas como por parte dunha acción institucional, as posibilidades de uso e de ampliación de uso do noso idioma, o que é xa o colmo do sarcasmo é que se pretenda compensatoriamente --e, repito--, executando ese salto, esa fuxida cara a adiante...

O señor PRESIDENTE: Señora deputada, advírtolle que explique o seu voto e non analice o voto dos demais grupos, porque a rolda, perdoe, non é para iso.

A señora GARCIA NEGRO: E que, naturalmente, neste mundo, neste planeta, señor presidente, todo é relativo, e o noso voto non é abstracto nin absoluto, senón condicionado ó que nós temos máis que como hipóteses ben verificables de saber cal é a intención da redacción desta parte do documento.

O señor PRESIDENTE: Pero, señora García Negro, o que lle repito é que este trámite de explicación de voto, se é concreto e absoluto, non relativo, é de explicación do voto propio, non de valoración do voto dos demais. Perdón, siga no uso da palabra.

A señora GARCIA NEGRO: Temos, entón, que xustificar --xa para rematar-- que acabamos de votar en contra de toda esta proposta, incluíndo o derradeiro parágrafo, porque non é en absoluto que o Bloque Nacionalista Galego se opoña a que o galego figure nun ámbito internacional, en concreto nun ámbito comunitario, senón por negativa clara e rotunda a votar unha auténtica falsidade nos termos en que está formulada nesta proposta de resolución.

Moitas gracias.

O señor PRESIDENTE: ¿Hai máis peticións de explicación de voto?

Ten a palabra o señor Vázquez Portomeñe.

O señor VAZQUEZ PORTOMEÑE: Señor presidente, evidentemente, eu non pretendo explica--lo noso voto, está suficientemente fundamentado. Simplemente, pretendo rogarlle á Presidencia que, se é posible, a

explicación de voto a fagan os grupos que a queiran utilizar nunha rolda final e non a todas e cada unha das propostas de resolución, se non imos eterniza--lo debate. Primeira cuestión.

E segunda cuestión, quero rogarlle á Mesa que me permita unha brevísima precisión, e é que o Grupo Popular, certamente, cre que o idioma galego --algo tan definitorio como é o idioma galego-- non pertence absolutamente a ningún grupo político, e nós cremos que temos dereito a defendelo en todos os foros e tamén no Parlamento europeo.

Moitas gracias.

O señor PRESIDENTE: A concesión da palabra para explicación de voto correspóndelle, naturalmente, á Mesa e a esta Presidencia.

(Pide a palabra a señora deputada García Negro).

O señor PRESIDENTE: Señora García Negro, ¿para que pide a palabra, por favor?

A señora GARCIA NEGRO: Exclusivamente para, despois de escoita--lo que acabo de escoitar, aclarar que o que eu fixen, estendéndome máis, é certo, foi exclusivamente o que o señor Vázquez Portomeñe fixo antes.

O señor PRESIDENTE: Señora García Negro, queda moi claro e explícollo á súa señoría. Esta Presidencia ofreceulle á Cámara a oportunidade de escoller se se facía uso da rolda de explicación de voto ó remate das votacións ou ó remate de cada unha delas. Esa opción foi dada pola Presidencia e a súa señoría, en efecto, quixo acollerse á posibilidade que esta Presidencia lle deu.

Proposta de resolución número

129.

(Pide a palabra o señor deputado Rodríguez Pardo).

O señor RODRIGUEZ PARDO: O noso grupo pretendería, se fose posible, que se votase separadamente o último parágrafo que contén esta proposición número 129, a que di: "á par, expresa o Parlamento galego a súa postura...".

O señor PRESIDENTE: Acéptase así.

(Pide a palabra o señor deputado Oujo Bello).

O señor PRESIDENTE: ¿Si, señor Oujo?

O señor OUJO BELLO: Señor presidente, nós pedimos que a letra b) tamén se vote por separado, por favor, que é o desenvolvemento por lei orgánica do artigo 131.

O señor PRESIDENTE: Ponse a votación a proposta de resolución número 129 ata a letra b). E dicir, preámbulo e alínea a).

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 38; votos en contra, 31; abstencións, 4.

O señor PRESIDENTE: O resultado da votación é positivo.

Ponse a votación o primeiro parágrafo da letra b).

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 40; votos en contra, 31; abstencións, 2.

O señor PRESIDENTE: O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o parágrafo primeiro da letra b).

Parágrafo segundo e último da letra b).

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 67; votos en contra, 4; abstencións, 2.

O señor PRESIDENTE: O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o último parágrafo da resolución da proposta número 129.

(Pide a palabra o señor deputado Rodríguez Pardo).

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Rodríguez Pardo para unha rolda de explicación de voto.

O señor RODRIGUEZ PARDO: Para unha mínima explicación de voto, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Perdón, ¿hai máis peticións?

As roldas serán de dous minutos para explicación de voto, encarecéndolles ós señores portavoces que se cumpra o obxecto da rolda.

Ten a palabra o señor Oujo Bello.

O señor OUJO BELLO: Brevisísimamente, señor presidente, para dicir que nós, respecto destas dúas resolucións do Grupo Popular, apoiamos unhas que eran similares xa ás propostas de Coalición Galega, como é a utilización do galego no Senado...

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor OUJO BELLO: Tamén apoiámolo desenvolvemento por lei orgánica --que entendemos que é positivo para Galicia-- do artigo 131 da Constitución.

Tamén, como dixeran antes practicamente, apoiamos unha que é coincidente coa nosa, que é a circunscripción electoral para o Parlamento europeo, para que sexa Galicia unha circunscripción electoral.

E, tamén, apoiámola 128, que di que o galego sexa lingua comunitaria e que coincide coa emenda 112 de Coalición Galega.

Respecto das emendas do Grupo Parlamentario dos Socialistas, PSOE, abstivémonos na número 10, como avancei antes. Aínda estando de acordo con que hai que potencia-la investigación científica e o desenvolvemento tecnolóxico, non nos parece procedente, neste momento, suxerirle ó Goberno galego que se leven a cabo medidas de tipo fiscal. Tamén, evidentemente, nos abstivemos na emenda número 38, porque entendemos que é unha emenda delicada para a nosa Comunidade Autónoma o intentar non apoiar sectores obsoletos; sería grave para a nosa economía.

Con respecto ás emendas do Grupo Parlamentario do BNG, como dixeran ó principio da miña exposición esta mañá na Cámara, abstivémonos na 102 en varios puntos polas razóns que dixeran, e apoiamos, evidentemente, o número 1. Consideramos positivo, desde o noso punto de vista, que se inste ás partes no conflito do Golfo á negociación para a inmediata paralización da guerra do Golfo. Polo tanto, esta apoiámola e abstivémonos nas demais, tal e como avancei.

Máis nada e moitas gracias.

O señor PRESIDENTE: Moitas gra-

cias.

Ten a palabra o señor Nogueira Román.

O señor NOGUEIRA ROMAN: Moitas gracias, señor presidente, señorías.

Loxicamente, a estas alturas, señor presidente, é imposible resumir en dous minutos a opinión sobre as distintas resolucións,...

O señor PRESIDENTE: Señor Nogueira, non se trata dunha rolda para emitir opinión sobre as resolucións, senón para explicación de voto.

O señor NOGUEIRA ROMAN: Efectivamente, eu vou explica-lo noso voto de forma conxunta, non cada resolución por separado, porque iso levaríanos media hora, e non se trata diso.

A nosa votación, señorías, estivo motivada por unha evidencia. Eu creo que, despois deste debate, comprobamos que temos un Goberno feo, católico e sentimental...

O señor PRESIDENTE: Señor Nogueira, a rolda é de explicación de voto. Agradézolle que se ataña á rolda porque a Presidencia non está disposta a reabri-lo debate.

O señor NOGUEIRA ROMAN: Señor presidente, vou dicir por que votamos nós como votamos, e vou dar unha explicación. En todo caso, rógo lle mesura a algúns deputados porque este deputado normalmente é mesurado nas súas intervencións.

Dicía que a nosa votación estivo motivada, tamén, pola necesidade de construír unha alternativa que nós fundamos na esquerda nacionalista.

Para rematar, señor presidente, quero dicir unha cousa: a nosa vo-

tación, efectivamente, está motivada por un desexo de renovación social e nacional no noso país. O señor Fraga dixo que eramos utópicos, e eu quero simplemente recordar unha frase do Cancionero del Conde que di: "las cosas son como son hasta que dejan de serlo", e para iso traballamos.

Moitas gracias.

O señor PRESIDENTE: Gracias, señor Nogueira.

¿Pedira a palabra a señora García Negro?

A señora GARCIA NEGRO: Si.

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora García Negro.

A señora GARCIA NEGRO: Por limitación de tempo, voume limitar a explica--lo noso voto con relación, non xa a toda a derradeira proposta do Grupo Parlamentario Popular, senón ó último punto, ou máis exactamente, ó último parágrafo, o que se refire a que o Parlamento procurará que se poida usa--la lingua propia de cada Comunidade, de acordo co correspondente Estatuto, no Senado.

Señoras e señores do Grupo Popular e do Goberno, eu, en nome do noso grupo, teño que dicirles que seremos forza de oposición, á vista está, pero, desde logo, parvos non somos. E supoño que unha información que a nós non se nos pode negar --porque aparece en medios de comunicación, en concreto nun xornal do día de onte-- é que se di, explicitamente, que o Grupo Popular no Senado rexeitou a proposta dun senador do grupo catalán de Convergencia i Unió respecto da posibilidade, xa traspasada ó Regulamento do Senado, de utilización das linguas que non son o español. E agora, aquí, o Grupo Popular parece ser que quere pasar por abandeirado desta proposta; a contradicción é

xa tan tamaño que, verdadeiramente, nós por isto non podemos pasar de ningunha maneira. Isto é o que nos interesa aclarar, porque o que onte ou antonte, no Senado español, se aprobou foi que ficase por escrito a posibilidade de considerar que o galego, o euskera e o catalán puidesen ser usados, unha vez o Regulamento modificado, nas sesións da Cámara alta española. Polo tanto, que quede clara cal é a nosa postura.

Gracias.

O señor PRESIDENTE: Gracias, señora García Negro.

Ten a palabra o señor Rodríguez Pardo.

O señor RODRIGUEZ PARDO: Señor presidente, moi brevemente para unha explicación de voto que, quizais, fose innecesaria porque, en realidade, a postura do Grupo Socialista quedou perfectamente clara ó longo de todo este debate, e pouco habería que engadir.

Simplemente, e xa que o señor portavoz do Grupo Popular dixo de min que non son ningún mestre --efectivamente non o son--, poño como mestres ós catedráticos de dereito constitucional e dereito político --que algún posiblemente haxa nas filas do Grupo Popular-- para que me expliquen como se pode facer na emenda 129 unha proposta ó Parlamento galego para que tome as seguintes medidas:

a) A reforma constitucional do artigo 69 da Constitución --enténdese-- a fin de fixar en 150 o número de senadores, etc.

b) O desenvolvemento por lei orgánica do artigo 131 da Constitución.

Cando o Parlamento de Galicia poida facer estas cousas, eu entendo que se presenten estas propostas de resolución; mentres tanto, paré-

ceños innecesarias.

Gracias.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Rodríguez Pardo.

Ten a palabra o señor conselleiro de Relacións Institucionais e portavoz do Goberno, Vázquez Portomeñe.

O señor CONSELLEIRO DE RELACIONES INSTITUCIONAIS E PORTAVOZ DO GOBERNO (Vázquez Portomeñe): Gracias, señor presidente.

Agora resulta, señor Rodríguez Pardo, que non só non entenderon a nosa doutrina, senón que, ó final, teñen dificultades para ler.

Porque aquí di: O Parlamento galego insta á Xunta para que solicite do Goberno central as necesarias accións que haxa que desenvolver para a reforma disto e face--lo demais. Léano completo, por favor, e logo despois vostede e mais eu ata poderemos entendernos, mentres tanto é imposible.

Falando doutra cuestión, hai algún deputado desta Cámara que fai, señor presidente, uns brutais esforzos, certamente, por saír na prensa, acumulando adxectivos...

O señor PRESIDENTE: Señor Portomeñe, agradecíalle que se axustase á rolda de explicación de voto.

O señor CONSELLEIRO DE RELACIONES INSTITUCIONAIS E PORTAVOZ DO GOBERNO (Vázquez Portomeñe): Si, señor presidente, cando se axusten e retiren os adxectivos dedicados ó Goberno. E en todo caso, como a vostede lle fago caso, pois, efectivamente, vou axustarme á explicación de voto, pero non sen antes resaltar que os adxectivos non teñen máis finalidade que o desexo de protagonismo e de saír na prensa; sen embargo, os medios de comunica-

ción son máis intelixentes, non creo que piquen.

Segunda cuestión, señor presidente, en nome deste grupo, eu volvo reafirma--lo noso dereito a defende--lo galego. O que digan en Madrid pode ser moi transcendente, importante e incluso curioso. Este grupo que hai aquí, o Grupo Popular, reclama o seu dereito a seguir defendendo o galego, antecedentes tivemos, e non me vou estender.

Terceira cuestión, nós, nun tema institucional no que, incluso desde a tribuna do Parlamento, pedíramo--la colaboración dos distintos grupos parlamentarios, como é no tema do financiamento, votamos que non á transacción do señor Nogueira e do Partido Socialista, a pesar de te--lo designio --salvo un punto-- de aceptar integramente a proposta do señor Nogueira. Optou este por se introducir no rexeitamento a través dunha transacción. Naturalmente, non lle negámo--lo dereito a facela, pero, ó noso criterio, o que deixa claro e terminante --e por iso votamos en contra-- é a dificultade engadida que suma ó dificultísimo tema dunha negociación para acadar un financiamento suficiente desta Comunidade Autónoma. Téñase claro que toda negociación é delicada e, cando é unha negociación que fala de financiamento, é moito máis delicada aínda, porque estamos definindo o futuro deste país para bastante tempo.

En consecuencia, a constitución de comisións e, polo tanto, a posibilidade de noticiación pública de todo o que poidan se--las propostas e a posibilidade de contravención pública dentro dos medios de comunicación das contrapropostas que poden existir no seo desta comisión poden crear un clima non propicio. abraíoume incluso --dígollo de veras-- a actitude dalgún grupo, non propicio, para unha negociación pragmática e de resultado feliz que é a que pretendemos coa Administración central.

En consecuencia, esa é a única razón que nos fai opoñernos a esa proposta concreta transaccional do Grupo Socialista e mais do señor Nogueira, e, non obstante, seguimos reclamando a eficaz colaboración da Cámara nos termos en que nós mesmos ofertaremos para chegar —insisto unha vez máis— ó resultado feliz.

O señor PRESIDENTE: Rógolle que remate.

O señor CONSELLEIRO DE RELACIONES INSTITUCIONAIS E PORTAVOZ DO GOBERNO (Vázquez Portomeñe): Quero dicir, por outra banda, señorías --e conclúo con isto--, que votamos que non a tódolos puntos relativos á guerra do Golfo, non sen antes face--la observación de que, ó mellor, nós non vemos, con absoluta claridade, que esta proposta de resolución puidera figurar entre as propostas de resolución. Por unha razón evidente, votamos que non, aquí, nesta Cámara, non hai ningún belicista, se acaso, no ton que se utiliza e no talante que se usa é onde se poden descubri--los verdadeiros belicistas, neste grupo non hai ningún e isto é notorio.

Teño que dicirlle, señor presidente, que a nós nos preocupa moito ese tema, enormemente, pero cremos que non é este o lugar do seu debate, non é o Parlamento galego onde hai que pronunciarse nin o son os parlamentos autonómicos; salvo que nós queiramos meternos por outras rotas, como alguén fixo onte cando se puxo a debater sobre Iugoslavia.

Moitas gracias.

O señor PRESIDENTE: Antes de levanta--la sesión e por un asunto relativo á sesión convocada para o vindeiro martes, agradézolles ós portavoces que se reúnan un momento na sala de portavoces.

Levántase a sesión.

Era a unha e cincuenta e cinco minutos da tarde.

FOLLA DE SUBSCRICIÓN

PARLAMENTO DE GALICIA

Nome.....
Domicilio.....
Cidade..... Teléfono.....
Desexo subscribirme ó Diario de Sesións do Parlamento de Galicia, de acordo coas condicións estipuladas a partir do día..... de..... de 19..... ata o 31 de decembro de 19.....
Con data..... de..... de 19....., enviolles por xiro ou talón nominativo, número....., a cantidade de.....pesetas.
..... de 19.....
Asinado

Edición e subscrición:

Servicio de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Pazo do Parlamento. C/ Hórreo s/n. 15702 Santiago.
Teléfono 981/561600 – Ext. 238.
Subscripción anual: 3.000 ptas. Número solto: 75 ptas.

HOJA DE SUSCRIPCION

PARLAMENTO DE GALICIA

Nombre.....
Domicilio.....
Ciudad..... Teléfono.....
Deseo suscribirme al Diario de Sesiones del Parlamento de Galicia, de acuerdo con las condicións estipuladas a partir del día..... de..... de 19..... hasta el 31 de diciembre de 19.....
Con fecha..... de..... de 19....., les envío por giro postal o talón nominativo, número..... la cantidade de.....pesetas.
..... a..... de..... de 19.....
Firmado

Edición y suscripción:

Servicio de Publicaciones del Parlamento de Galicia.
Pazo do Parlamento. C/ Hórreo s/n. 15702 Santiago.
Teléfono 981/561600 – Ext. 238.
Suscripción anual: 3.000 ptas. Número suelto: 75 ptas.

NOTA:

A subscrición é anual, por anos naturais. O período da subscrición remata o 31 de decembro de cada ano. As altas producidas durante o ano contaránse, para efectos de cobro, desde o día 1.º de cada trimestre natural, sempre que a data de subscrición sexa anterior a esta.

NOTA:

La suscripción es anual, por años naturales. El período de la suscripción finaliza el 31 de diciembre de cada año. Las altas producidas durante el año se contarán, a efectos de cobro, desde el día 1.º de cada trimestre natural, siempre que la fecha de suscripción sea anterior a esta.